

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

11268 *Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas.*

O Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas, e as súas modificacións, incorporou ao noso ordenamento xurídico a Directiva 96/82/CE do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativa ao control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas, así como a Directiva 2003/105/CE do Parlamento e do Consello, do 16 de decembro de 2003, pola que se modifica a Directiva 96/82/CE, do 9 de decembro de 1996.

O Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro, polo que se aproba a Directriz básica de protección civil para o control e a planificación ante o risco de accidentes graves en que interveñan substancias perigosas, desenvolveu as principais novidades que introduciu o Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, e adecuouse, así mesmo, ás disposicións do Real decreto 407/1992, do 24 de abril, polo que se aproba a Norma básica de protección civil, que constitúe o marco fundamental para a elaboración e integración dos diferentes plans de protección civil e que considera o risco químico como obxecto de planificación especial.

De conformidade con todo isto, desenvolveuse o Plan estatal de protección civil ante o risco químico, aprobado polo Real decreto 1070/2012, do 13 de xullo, que ten como finalidade establecer a organización e os procedementos de actuación daqueles recursos e servizos do Estado e, se for o caso, doutras entidades públicas e privadas, que sexan necesarios para asegurar unha resposta eficaz do conxunto das administracións públicas, ante as diferentes situacións de emerxencia por accidente con substancias perigosas, en que estea presente o interese nacional, así como os mecanismos de apoio aos plans de comunidades autónomas nos supostos que o requiran.

No ámbito europeo e mediante o Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, a Unión Europea adoptou o Sistema global harmonizado das Nacións Unidas sobre clasificación e etiquetaxe de substancias e mesturas, co cal se introducían novas clases e categorías de perigo que non se corresponden na súa totalidade coas utilizadas na Directiva 96/82/CE do Consello, do 9 de decembro de 1996.

Co fin de adaptarse ao novo sistema de clasificación, a Comisión Europea considerou necesaria unha revisión fundamental desta directiva que tivese en conta, así mesmo, unha harmonización con outras directivas, mellorase a súa comprensión e contribuíse a unha aplicación máis coherente desta.

Así, foi aprobada a Directiva 2012/18/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, relativa ao control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas e pola que se modifica e, posteriormente, derroga a Directiva 96/82/CE.

Mediante a Orde PRE/1206/2014, do 9 de xullo, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, deuse cumprimento ao establecido nesta última directiva unicamente respecto á introdución dos «fuel óleos pesados» como produtos derivados do petróleo.

A través deste real decreto traspóñense ao noso ordenamento interno as restantes previsións da Directiva 2012/18/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012.

Esta disposición dítase en desenvolvemento da Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, de protección civil, que, nos seus artigos 5, 6 e 12, establece a catalogación de actividades que poden orixinar emerxencias e o inventario de centros, establecementos e dependencias en que se realicen estas, así como a obrigação dos seus titulares de dispor dunha organización de autoprotección e dun plan de emerxencia interior para a prevención de riscos e o control inmediato dos sinistros que se poidan producir.

Así mesmo, recolle a facultade dos órganos e autoridades competentes para requirir información sobre determinadas cuestións e a capacidade das administracións públicas para desenvolver un plan de emerxencia exterior que, xunto co mencionado plan de emerxencia interior, constitúan un único e integrado plan de actuación.

Por outra parte, a Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, prevé no capítulo I, «Seguridade industrial», do seu título III, o disposto na Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, e tipifica no seu título V, «Infraccións e sancións», o incumprimento das medidas de seguridade previstas nesta lei e nas normas regulamentarias de desenvolvemento.

Con respecto á anterior regulación, este real decreto presenta cambios importantes, como é a aliñación das categorías de substancias do seu anexo I coas correspondentes ao novo sistema europeo de clasificación de substancias e mesturas. Así mesmo, inclúese un mecanismo de corrección deste anexo para prever as posteriores adaptacións ao sistema de clasificación que poidan repercutir sobre substancias para as cales se demostre que non presentan un risco de accidente grave.

Refórzanse as disposicións relacionadas co acceso do público á información sobre a aplicación do real decreto, coa participación efectiva do público interesado na toma de decisións e cos dereitos do público a interpor recurso ante a xustiza. Todo isto de conformidade coa Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Con este real decreto poténcianse os mecanismos para a recompilación de información, o intercambio desta entre as autoridades competentes e a Comisión Europea e a súa difusión e posta á disposición do público.

De conformidade co previsto na Directiva 2012/18/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, en canto aos procedementos de consulta aos industriais e de participación pública no marco das políticas de ordenación territorial e doutras pertinentes, este real decreto prevé a coordinación dos ditos procedementos cos existentes noutras normativas. Debido a que o seu ámbito de aplicación non resulta coincidente, e con motivo da confluencia destas no ámbito estatal e sectorial, a citada coordinación considérase de maneira xeral e encoméndaselle á Administración xeral do Estado impulsar as actuacións necesarias para coordinar os procedementos e controis de que se trata.

Cabe lembrar que os operadores industriais poderán facer uso en todo caso dos mecanismos de protección dos operadores económicos do capítulo VII da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, cando entendan que se vulnerou algún principio ou disposición da citada lei, entre eles, o principio de simplificación de cargas, como consecuencia de trámites duplicados ou falta de coordinación nas actuacións administrativas en aplicación deste real decreto e outras regulacións.

No que respecta ás inspeccións dos establecementos afectados por este real decreto, introdúcense criterios máis estritos, co fin de asegurar o cumprimento das normas de seguridade, así como unha implantación efectiva das medidas de control consideradas.

Así mesmo, este real decreto recolle a estrutura xeral da planificación de protección civil ante riscos especiais, integrada polo plan estatal, os plans de comunidades autónomas e, dentro destes últimos, os plans de actuación municipal, que constitúen o modelo nacional integrado para facer posible unha coordinación e actuación conxuntas dos diferentes servizos das administracións ante os accidentes graves con substancias perigosas.

Tendo en conta a especial distribución competencial entre as administracións públicas no que respecta a explosivos, material pirotécnico e cartucharía, este real decreto limitase a regular, para os establecementos en que se manipulen ou almacenen eses produtos, os aspectos relacionados coa planificación exterior de emerxencias e información ao público

afectado, a ordenación do territorio, a pronta notificación de accidentes e a consulta e participación pública en proxectos de obras nas inmediacións dos establecementos. Os demais aspectos previstos na Directiva 2012/18/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, quedan regulados en normativa específica.

Sobre este real decreto emitiron informe favorable o Pleno da Comisión Nacional de Protección Civil na súa reunión do 20 de outubro de 2014, así como a Comisión Interministerial Permanente de Armas e Explosivos na súa reunión do 15 de abril de 2015.

Foi sometido ao trámite de información pública previsto no artigo 24.1 c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior, de Fomento, de Emprego e Seguridade Social, de Industria, Enerxía e Turismo, de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de setembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto a prevención de accidentes graves en que interveñan substancias perigosas, así como a limitación das súas consecuencias sobre a saúde humana, os bens e o ambiente.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. As disposicións deste real decreto aplicaranse aos establecementos tal e como se definen no artigo 3.

2. Estas disposicións non se aplicarán:

a) Aos establecementos, ás instalacións ou zonas de almacenamento pertencentes ás Forzas Armadas e ás forzas e corpos de seguridade;

b) Aos perigos creados polas radiacións ionizantes orixinadas por substancias;

c) Ao transporte de mercadorías perigosas por estrada, ferrocarril, vía navegable interior e marítima ou aérea e ao almacenamento temporal intermedio directamente relacionado con el; así como ás actividades de carga e descarga e ao traslado desde e cara a outro tipo de transporte con destino a peiraos, embarcadoiros ou instalacións loxísticas ferroviarias ou terminais ferroviarias fóra dos establecementos recollidos neste real decreto;

d) Ao transporte de substancias perigosas por canalizacións, incluídas as estacións de bombeo, que se encontren fóra dos establecementos a que se refire este real decreto;

e) Á explotación de minerais en minas, canteiras e mediante perforación; en concreto, ás actividades de exploración, extracción e tratamento de minerais;

f) Á exploración e explotación en mar aberto (*off-shore*) de minerais, incluídos os hidrocarburos;

g) Ao almacenamento de gas en localizacións subterráneas en mar aberto, tanto naquelas dedicadas especificamente ao almacenamento, como nas que tamén se leven a cabo actividades de exploración e extracción de minerais, incluídos os hidrocarburos;

h) Aos vertedoiros de residuos, incluíndo o seu almacenamento subterráneo.

3. Non obstante o disposto no número anterior, letras e) e h), estarán comprendidos no ámbito de aplicación deste real decreto:

a) As instalacións operativas de evacuación de residuos mineiros, incluídos os diques e balsas de estériles, que conteñan substancias perigosas;

b) O almacenamento subterráneo terrestre de gas en estratos naturais, acuíferos, cavidades salinas e minas en desuso, así como as actividades de tratamento térmico e químico e o almacenamento vinculado a estas operacións en que interveñan substancias perigosas;

c) Os almacenamentos temporais de mercurio metálico considerado residuo a que se refire o artigo 3 do Regulamento (CE) 1102/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2008, relativo á prohibición da exportación de mercurio metálico e certos compostos e mesturas de mercurio e ao almacenamento seguro de mercurio metálico.

4. Os establecementos en que se procesen, manipulen ou almacenen explosivos, material pirotécnico ou cartucharía, regulados respectivamente polo Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, e polo Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía, aprobado polo Real decreto 563/2010, do 7 de maio, rexeranse pola súa normativa específica, salvo no relativo:

- a) Á planificación de emerxencia exterior, que se rexerá polo disposto no artigo 13.
- b) Á planificación do uso do solo, a que lle será de aplicación o disposto no artigo 14.
- c) Á información ao público afectado, que se rexerá polo disposto no artigo 15.2.a).
- d) Á consulta e participación pública nos proxectos de execución de obras nas inmediacións de establecementos a que se refire o artigo 16.1.c), a que lle será de aplicación o establecido no artigo 16.
- e) Á pronta notificación de accidentes, a que lle será de aplicación o disposto no artigo 17.1.

Para estes efectos, as delegacións do Goberno nas comunidades autónomas onde radiquen tales establecementos e os correspondentes órganos competentes das comunidades autónomas facilitaranse toda a información necesaria para garantir o adecuado cumprimento das funcións e competencias que teñen atribuídas.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

1. Accidente grave: calquera suceso, como unha emisión en forma de fuga ou vertedura, un incendio ou unha explosión importantes, que resulte dun proceso non controlado durante o funcionamento de calquera establecemento a que sexa de aplicación este real decreto, que supoña un risco grave, inmediato ou diferido, para a saúde humana, os bens ou o ambiente, dentro ou fóra do establecemento, e no cal interveñan unha ou varias substancias perigosas.

2. Almacenamento: a presenza dunha cantidade determinada de substancias perigosas con fins de almacenamento, depósito en custodia ou reserva.

3. Efecto dominó: a concatenación de efectos que multiplica as consecuencias dun accidente, debido a que os fenómenos perigosos poidan afectar, ademais dos elementos vulnerables exteriores, outros recipientes, tubaxes ou equipamentos do mesmo establecemento ou doutros establecementos próximos, de tal maneira que se produza unha nova fuga, incendio, explosión ou estalido neles, que xere, pola súa vez, novos fenómenos perigosos.

4. Establecemento: a totalidade da localización baixo o control dun industrial en que se encontren substancias perigosas nunha ou en varias instalacións, incluídas as infraestruturas ou actividades comúns ou conexas; os establecementos serán de nivel inferior ou de nivel superior.

5. Establecemento de nivel inferior: un establecemento en que haxa presentes substancias perigosas en cantidades iguais ou superiores ás especificadas na columna 2 da parte 1 ou da parte 2 do anexo I, pero inferiores ás cantidades especificadas na columna 3 da parte 1 ou da parte 2 do anexo I. Todo isto empregando, cando sexa aplicable, a regra da suma da nota 4 do anexo I.

6. Establecemento de nivel superior: un establecemento en que haxa presentes substancias perigosas en cantidades iguais ou superiores ás especificadas na columna 3 da parte 1 ou da parte 2 do anexo I. Todo isto empregando, cando sexa aplicable, a regra da suma da nota 4 do anexo I.

7. Establecemento existente: un establecemento que até a data de entrada en vigor deste real decreto está incluído no ámbito de aplicación do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, e que a partir da dita data de entrada en vigor queda incluído no ámbito de aplicación deste real decreto sen cambiar a súa clasificación como establecemento de nivel inferior ou establecemento de nivel superior.

8. Establecemento novo:

a) Un establecemento que entre en funcionamento ou se constrúa a partir da data de entrada en vigor deste real decreto, ou

b) Unha localización operativa que pase a estar incluída no ámbito de aplicación deste real decreto, ou un establecemento de nivel inferior que pase a ser un establecemento de nivel superior ou viceversa, a partir da data de entrada en vigor deste real decreto, debido a modificacións nas súas instalacións ou actividades que dean lugar a un cambio do seu inventario de substancias perigosas.

9. Establecemento veciño: un establecemento cuxa proximidade a outro establecemento aumenta o risco ou as consecuencias dun accidente grave.

10. Outro establecemento: unha localización operativa que quede incluída no ámbito de aplicación deste real decreto, ou un establecemento de nivel inferior que pase a ser un establecemento de nivel superior ou viceversa, a partir da data de entrada en vigor deste real decreto, debido a motivos distintos dos mencionados no número 8.b).

11. Industrial: calquera persoa física ou xurídica que explota ou controla un establecemento ou instalación ou na cal, cando a normativa así o dispoña, se delegase o poder económico ou decisorio determinante sobre a explotación técnica do establecemento ou a instalación.

12. Inspección: toda acción, incluídas as visitas *in situ*, os controis das medidas internas, os sistemas, informes e documentos de seguimento e calquera comprobación posterior necesaria, levados a cabo polos órganos competentes en cada caso, ou no seu nome, co obxecto de revisar e promover o cumprimento dos establecementos cos requisitos deste real decreto.

13. Instalación: unha unidade técnica no interior dun establecemento, con independencia de se se encontra a nivel de solo ou baixo terra, na cal se producen, utilizan, manipulan ou almacenan substancias perigosas, incluídos todos os equipamentos, estruturas, canalizacións, maquinaria, ferramentas, ramais ferroviarios particulares, dársenas, peiraos de carga ou descarga para uso desta, espigóns, depósitos ou estruturas similares, flotantes ou non, necesarios para o funcionamento desa instalación.

14. Mestura: unha mestura ou solución composta por dúas ou máis substancias.

15. Perigo: a capacidade intrínseca dunha substancia perigosa ou a potencialidade dunha situación física para ocasionar danos á saúde humana, aos bens ou ao ambiente.

16. Presenza de substancias perigosas: a presenza actual ou anticipada de substancias perigosas no establecemento, ou de substancias perigosas que sexa razoable prever que se poden xerar como consecuencia da perda de control dos procesos, incluídas as actividades de almacenamento en calquera instalación no interior dun establecemento, en cantidades iguais ou superiores ás cantidades limiar indicadas nas partes 1 ou 2 do anexo I.

17. Público: unha ou varias persoas físicas ou xurídicas e, de conformidade coas disposicións legais ou coas prácticas comúns, as asociacións, organizacións ou grupos constituídos por esas persoas.

18. Público afectado: para os efectos do artigo 15.2, o persoal dun establecemento e a poboación da súa contorna que, de acordo cos estudos de análise de risco e consecuencias, podería sufrir sobre a súa saúde os efectos dun posible accidente grave.

19. Público interesado: o público que resulta ou pode resultar afectado polas decisións adoptadas sobre algún dos asuntos previstos no artigo 16.1 ou que ten un interese que invocar na toma desas decisións; para efectos da presente definición, considerarase que teñen un interese as organizacións non gobernamentais que traballen

en favor da protección da saúde das persoas ou do ambiente e que cumpran os requisitos pertinentes previstos pola lexislación nacional.

20. Risco: a probabilidade de que se produza un efecto específico nun período de tempo determinado ou en circunstancias determinadas.

21. Substancia perigosa: toda substancia ou mestura incluída na parte 1 ou enumerada na parte 2 do anexo I, incluídas aquelas en forma de materia prima, produto, subproduto, residuo ou produto intermedio.

Artigo 4. Avaliación de perigos de accidente grave para unha determinada substancia perigosa.

1. Cando proceda ou, en calquera caso, sobre a base dunha notificación dun Estado membro conforme o número 2, a Comisión Europea avaliará se é imposible na práctica que unha determinada substancia perigosa incluída na parte 1 ou enumerada na parte 2 do anexo I ocasione unha liberación de materia ou enerxía que poida causar un accidente grave en circunstancias normais ou anormais que se poidan prever razoablemente. Esa avaliación tomará en conta a información a que se refire o número 3 e basearase nunha ou en varias das seguintes características:

- a) A forma física da substancia perigosa en condicións normais de proceso, de manipulación ou nunha perda de illamento non prevista.
- b) As propiedades inherentes da substancia perigosa, en particular as relativas ao comportamento de dispersión nun escenario de accidente grave, como a masa molecular e a presión de vapor saturada.
- c) A concentración máxima das substancias no caso de mesturas.

Para efectos do parágrafo primeiro, tamén se debería ter en conta, cando proceda, o illamento e o envasado xenérico da substancia ou mestura perigosa, en particular cando estean cubertos por disposicións legislativas específicas da Unión Europea.

2. Cando o órgano competente dunha comunidade autónoma ou outro representado na Comisión Nacional de Protección Civil considere que unha substancia perigosa non presenta un perigo de accidente grave de conformidade co número 1, notificarao ao Pleno da dita comisión xunto coa xustificación correspondente, incluída a información a que se refire o número 3.

3. Para efectos dos números 1 e 2, a información necesaria para avaliar as propiedades de perigo para a saúde, físico ou para o ambiente, da substancia perigosa en cuestión, incluirá:

- a) Unha lista exhaustiva das propiedades necesarias para avaliar o potencial da substancia perigosa para ocasionar prexuízos físicos, á saúde ou ao ambiente.
- b) As propiedades físicas e químicas (tales como masa molecular, presión de vapor saturada, toxicidade inherente, punto de ebulición, reactividade, viscosidade, solubilidade e outras propiedades pertinentes).
- c) As propiedades (tales como reactividade, inflamabilidade, toxicidade e outros factores como o modo de ataque no corpo, a proporción entre lesións e mortes e os efectos a longo prazo, así como outras propiedades relevantes) que poidan xerar perigos para a saúde ou perigos físicos.
- d) As propiedades (tales como ecotoxicidade, persistencia, bioacumulación, potencial de transporte ambiental de longa distancia e outras propiedades pertinentes) que poidan xerar perigos para o ambiente.
- e) Cando estea dispoñible a clasificación pola Unión Europea da substancia ou mestura.
- f) A información sobre as condicións de proceso específicas da substancia (por exemplo, temperatura, presión e outras condicións pertinentes) baixo as cales a substancia ou mestura sexa almacenada, utilizada e/ou poida estar presente no suposto de operacións anormais previsibles ou dun accidente como un incendio.

4. Tras o informe favorable da Comisión Nacional de Protección Civil, a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior facilitará á Comisión Europea a documentación correspondente, quen, a raíz da avaliación a que se fai referencia no número 1, presentará, se procede, unha proposta legislativa ao Parlamento Europeo e ao Consello para excluír a substancia perigosa en cuestión do ámbito de aplicación da Directiva 2012/18/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012.

Artigo 5. *Obrigacións xerais do industrial.*

Os industriais a cuxos establecementos sexa de aplicación este real decreto están obrigados a:

- a) Adoptar as medidas previstas neste real decreto e cantas resulten necesarias para previr accidentes graves e limitar as súas consecuencias para a saúde humana, os bens e o ambiente.
- b) Colaborar cos órganos competentes das comunidades autónomas e demostrar, en todo momento e, especialmente con motivo dos controis e inspeccións a que se refire o artigo 21, que tomaron todas as medidas necesarias previstas neste real decreto.

Artigo 6. *Autoridades competentes.*

1. Considéranse autoridades competentes para os efectos deste real decreto:

- a) O Ministerio de Interior, a través da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, para:

- 1.º Manter relación permanente coa Comisión Europea para os efectos previstos na Directiva 2012/18/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, e, en particular, para:

Informar, tan axiña como sexa posible e segundo o procedemento especificado no artigo 22, dos accidentes graves que ocorren no territorio español e que respondan aos criterios do anexo IV.

Intercambiar información sobre a experiencia adquirida en materia de prevención de accidentes graves e de limitación das súas consecuencias e, en concreto, sobre as medidas previstas neste real decreto.

Facilitar á Comisión un informe cada catro anos sobre a implantación da Directiva 2012/18/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, no Estado español.

Facilitar á Comisión a información a que se refire o artigo 4.

- 2.º Manter relación permanente coas delegacións do goberno correspondentes e cos órganos competentes das comunidades autónomas para os efectos previstos neste real decreto e, en particular, para:

Recibir e revisar os datos contidos no artigo 22 e no anexo III sobre os establecementos afectados, a través da Base nacional de datos sobre risco químico a que se refire o Plan estatal de protección civil ante o risco químico, aprobado polo Real decreto 1070/2012, do 13 de xullo.

Solicitar informes ou cuestionarios relacionados con aspectos técnicos e coa implantación desta disposición.

Elaborar informes periódicos sobre as ensinanzas derivadas dos accidentes graves ocorridos en España, de acordo coa información que figura no artigo 17.

- 3.º Informar, a través da Comisión Nacional de Protección Civil, acerca das iniciativas, accións e intercambio de experiencias, xeradas polos grupos técnicos constituídos pola Comisión Europea, así como dos seus resultados e da difusión destes.

4.º Pór á disposición doutros Estados membros da Unión Europea que se poidan ver afectados polos potenciais efectos transfronteirizos dun accidente grave producido nun establecemento radicado en territorio español a información suficiente para que o Estado membro afectado poida adoptar as medidas de prevención e protección oportunas. Así mesmo, trasladar ás autoridades competentes das comunidades autónomas a información recibida doutros Estados membros en relación con accidentes graves producidos en establecementos da natureza aludida, radicados fóra do territorio español, que potencialmente poidan afectar o seu ámbito xeográfico. Todo isto de conformidade co Convenio sobre os efectos transfronteirizos dos accidentes industriais, da Comisión Económica para Europa das Nacións Unidas (CEPE).

5.º Pór á disposición dos Estados membros afectados a decisión de que un establecemento próximo ao seu territorio non pode presentar ningún perigo de accidente grave fóra do seu perímetro e non require plan de emerxencia exterior, de conformidade co artigo 13.4, así como trasladar aos órganos competentes das comunidades autónomas a decisión por parte doutros Estados membros próximos ao seu territorio de non elaborar o plan de emerxencia exterior.

6.º Emitir informe e trasladar á Comisión Nacional de Protección Civil a proposta de homologación dos plans de emerxencia exterior que fosen elaborados e aprobados polos órganos competentes das comunidades autónomas, así como as súas sucesivas revisións.

7.º Participar na execución do Plan estatal de protección civil ante o risco químico, aprobado polo Real decreto 1070/2012, do 13 de xullo, ante situacións de emerxencia en que estea presente o interese nacional, así como en calidade de apoio aos plans de emerxencia exterior de comunidades autónomas nos supostos que o requiran.

8.º Administrar e manter en colaboración cos órganos competentes das comunidades autónomas a Base nacional de datos sobre risco químico.

b) Os órganos competentes das comunidades autónomas, para:

1.º Recibir, avaliar e empregar a información a que se refiren os artigos 7 a 13 e, se for o caso, a información a que fai referencia o artigo 17, así como solicitar cantos datos se considere oportuno no exercicio das súas competencias.

2.º Elaborar, aprobar e remitir á Comisión Nacional de Protección Civil, para a súa correspondente homologación, os plans de emerxencia exterior dos establecementos do nivel superior, segundo o previsto no artigo 13.

3.º Ordenar a aplicación dos plans de emerxencia exterior e dirixilos, de acordo coa Directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos cales interveñen substancias perigosas, aprobada polo Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro.

4.º Informar, no momento en que se teña noticia dun accidente grave, a delegación ou subdelegación do Goberno correspondente e a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior a través da Sala Nacional de Emerxencias.

5.º Elaborar e remitir á Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior os informes que a Comisión Europea solicite sobre a aplicación deste decreto.

6.º Aplicar os requisitos de control do uso do solo a que fai referencia o artigo 14, a través dos instrumentos de ordenación territorial desenvolvidos ao respecto.

7.º Asegurar o cumprimento das obrigacións establecidas neste real decreto, mediante o exercicio das correspondentes facultades de inspección e sanción, de acordo co ordenamento xurídico.

8.º Someter a consulta pública e articular a participación do público interesado, conforme o artigo 16, nos proxectos, plans e programas en que estean involucrados establecementos.

9.º Manter actualizada, en colaboración coa Dirección Xeral de Protección Civil do Ministerio do Interior, a Base nacional de datos sobre risco químico.

c) Os delegados do Goberno nas comunidades autónomas ou, se for o caso, os subdelegados do Goberno, conforme o establecido na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e demais normas aplicables, para:

1.º Colaborar cos órganos competentes das comunidades autónomas na elaboración dos plans de emerxencia exterior.

2.º Subministrar a información necesaria ao órgano competente en materia de protección civil da comunidade autónoma para a elaboración dos correspondentes plans de emerxencia exterior dos establecementos afectados polo Regulamento de explosivos ou polo Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía.

3.º Recibir a información prevista no artigo 22 e anexo III a través da Base nacional de datos sobre risco químico.

4.º Solicitar cantos datos, estudos e informes se consideren necesarios co fin de exercer as competencias, funcións e facultades que lles recoñecen as súas disposicións reguladoras.

5.º Asumir as funcións que en caso de emerxencia lles son atribuídas no Plan estatal de protección civil ante o risco químico.

d) Os municipios ou outras entidades locais, se for o caso, para:

1.º Colaborar cos órganos competentes da comunidade autónoma na elaboración dos plans de emerxencia exterior que afecten o seu termo municipal e achegar a información que sexa necesaria, na cal se incluírán os datos relativos a censos de poboación, cartografía municipal, identificación de vías de evacuación, organización da protección civil municipal e outros equivalentes.

2.º Elaborar e manter actualizado o plan de actuación municipal ou local, seguindo as directrices dos plans de emerxencia exterior; participar na execución destes últimos dirixindo e coordinando as medidas e actuacións recollidas naqueles, tales como avisos á poboación, activación das medidas de protección precisas e realización de exercicios e simulacros de protección civil.

3.º Aprobar o plan de actuación municipal ou local e remitilo á Comisión Autonómica de Protección Civil para a súa homologación.

4.º Informar de inmediato o órgano competente da comunidade autónoma sobre os accidentes graves que se orixinen no seu termo municipal, así como de calquera incidente que poida dar lugar ao seu desencadeamento, con independencia dos sistemas de alerta que se determinen no plan de emerxencia exterior.

5.º Aplicar nos seus instrumentos de ordenación urbanística os requisitos de control do uso do solo a que fai referencia o artigo 14.

2. As autoridades competentes e o resto de administracións públicas, en cumprimento do previsto neste real decreto, actuarán de conformidade cos principios de coordinación e colaboración e velarán para que as informacións de interese obtidas en virtude deste real decreto se encontren á disposición das autoridades competentes en cada caso, en materia de protección civil, de prevención de riscos para a saúde humana, de prevención de riscos laborais, de seguridade e calidade industrial, de protección do ambiente, de ordenación do territorio e de urbanismo e portos.

A este respecto, a Comisión Nacional de Protección Civil, de conformidade co Real decreto 967/2002, do 20 de setembro, polo que se regula a súa composición e réxime de funcionamento, constitúe o órgano de coordinación e cooperación entre os órganos da Administración xeral do Estado e as administracións das comunidades autónomas para a implantación deste real decreto.

Así mesmo, no ámbito territorial das comunidades autónomas serán as comisións autonómicas de protección civil, representadas pola Administración periférica do Estado, os órganos da comunidade autónoma e as corporacións locais, o núcleo de coordinación para a aplicación deste real decreto.

3. As autoridades competentes a que se refire o número 1 deste artigo aceptarán a información equivalente que, en cumprimento dos artigos 7 a 13, presenten os industriais de conformidade con outra lexislación nacional pertinente. En tales casos, as autoridades competentes aseguraranse de que se cumpran todos os requisitos deste real decreto.

Artigo 7. *Notificación.*

1. Os industriais a cuxos establecementos lles sexa de aplicación este real decreto están obrigados a enviar unha notificación ao órgano competente da comunidade autónoma onde radiquen, que conteña, como mínimo, a información seguinte:

a) Nome ou razón social do industrial, ou ambos, e enderezo completo do establecemento correspondente;

b) Domicilio social do industrial e enderezo completo.

c) Nome e cargo do responsable do establecemento, se é unha persoa diferente do industrial a que se refire a letra a).

d) Información suficiente para identificar as substancias perigosas e a categoría de substancias de que se trate ou que poidan estar presentes. En todo caso:

1.º Denominación da substancia, número CAS e número ONU.

2.º Identificación de perigos e clasificación segundo o Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas.

3.º Composición e información dos compoñentes se é unha mestura.

4.º Categoría a que pertence no anexo 1, parte 1, deste real decreto.

e) Cantidade e forma física da substancia ou substancias perigosas de que se trate.

f) Actividade exercida ou actividade prevista na instalación ou zona de almacenamento.

g) Contorno inmediato do establecemento e factores capaces de causar un accidente grave ou de agravar as súas consecuencias, incluídos, cando estean dispoñibles, detalles dos establecementos veciños, de localizacións que queden fóra do ámbito de aplicación deste real decreto, zonas e obras que poidan orixinar ou incrementar o risco ou as consecuencias dun accidente grave e de efecto dominó.

Cando os establecementos se encontren situados no dominio público portuario, esta información tamén se proporcionará ás autoridades portuarias e capitanías marítimas competentes.

2. A notificación a que se refire o número 1, ou a súa actualización, deberá ser remitida polo industrial:

a) No caso de establecementos novos, nun prazo razoable antes de comezar a construción ou a explotación, ou antes das modificacións que dean lugar a un cambio no inventario de substancias perigosas. Todo isto, no prazo que determine o órgano competente da comunidade autónoma, que en ningún caso poderá superar un ano desde a solicitude de licenza de obra.

b) En todos os demais casos, no prazo dun ano a partir da data en que este real decreto se aplique ao establecemento en cuestión.

3. Os números 1 e 2 non se aplicarán se o industrial enviou xa unha notificación á autoridade competente en cumprimento dos requisitos do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, antes da data de entrada en vigor deste real decreto, e a información contida nela cumpre o disposto no número 1 e non cambiou.

4. O industrial informará por anticipado o órgano competente da comunidade autónoma ante as seguintes circunstancias e procederá, se for o caso, á actualización da notificación:

a) Aumento ou diminución significativa da cantidade ou modificación significativa das características ou da forma física da substancia perigosa presente, indicada na notificación

enviada polo industrial en virtude do número 1, ou modificación significativa dos procesos onde se emprega, ou

- b) Modificación dun establecemento ou instalación que poida ter consecuencias importantes en canto aos perigos de accidente grave, ou
- c) Peche definitivo ou desmantelamento do establecemento, ou
- d) Cambios na información referidos no número 1, letras a), b) ou c).

Artigo 8. *Política de prevención de accidentes graves.*

1. Os industriais de todos os establecementos a que sexa de aplicación este real decreto deberán definir e implantar correctamente a súa política de prevención de accidentes graves, así como plasmala nun documento escrito.

A posta en práctica desta política terá por obxecto garantir un alto grao de protección da saúde humana, o ambiente e os bens e será proporcional aos perigos de accidente grave do establecemento. Incluirá os obxectivos xerais e os principios de actuación do industrial, a repartición de tarefas e responsabilidades de xestión, así como o compromiso de mellorar de forma permanente o control dos riscos de accidente grave e de garantir un elevado nivel de protección.

2. O documento que define a política de prevención de accidentes graves manterase á disposición dos órganos competentes das comunidades autónomas con vistas, en particular, á aplicación do artigo 5 b) e do artigo 21, desde as seguintes datas:

- a) No caso dos establecementos novos, desde unha data razoable antes de comezar a construción ou a explotación, ou antes das modificacións que dean lugar a un cambio no inventario de substancias perigosas. Todo isto, no prazo concreto que determine o órgano competente da comunidade autónoma.
- b) En todos os demais casos, a partir dun ano desde a data en que este real decreto se aplique ao establecemento en cuestión.

O dito documento manterase á disposición das autoridades portuarias e capitanías marítimas competentes cando os establecementos se encontren situados no dominio público portuario.

3. Para os establecementos de nivel superior, o documento que define a súa política de prevención de accidentes graves formará parte do informe de seguridade a que se refire o artigo 10.

4. O número 1 non se aplicará se o industrial estableceu e implantou, antes da data de entrada en vigor deste real decreto, a súa política de prevención de accidentes graves de conformidade co Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, sempre que cumpra co disposto no número 1 e non cambiase.

5. Sen prexuízo do disposto no artigo 11, o industrial revisará periodicamente a súa política de prevención de accidentes graves, ao menos cada cinco anos, e actualizaraa cando sexa necesario. O documento que define a dita política de prevención actualizada manterase á disposición dos órganos competentes da comunidade autónoma.

6. A política de prevención de accidentes graves aplicarase mediante un sistema de xestión da seguridade a través de medios, estruturas e procedementos adecuados de conformidade co anexo II e, en calquera caso, de forma proporcionada aos perigos de accidente grave e á complexidade da organización ou as actividades do establecemento.

Artigo 9. *Efecto dominó.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas, utilizando a información proporcionada polo industrial en virtude dos artigos 7 e 10 ou a través dunha solicitude de información adicional ou mediante as inspeccións conforme o artigo 21, determinarán os establecementos de nivel superior e inferior ou grupos de establecementos nos cales a probabilidade e as consecuencias dun accidente grave se poidan ver incrementadas debido á posición xeográfica e á proximidade entre os ditos establecementos, así como á presenza nestes de substancias perigosas.

2. Cando os órganos competentes das comunidades autónomas dispoñan de información adicional á facilitada polo industrial de conformidade co artigo 7.1 g), porán a dita información á súa disposición, se resulta necesaria para a aplicación do presente artigo.

3. Os órganos competentes das comunidades autónomas establecerán protocolos de comunicación que aseguren que os establecementos así determinados:

a) Se intercambien de maneira adecuada os datos necesarios para posibilitar que os industriais tomen en consideración o carácter e a magnitude do risco xeral de accidente grave nas súas políticas de prevención de accidentes graves, sistemas de xestión da seguridade, informes de seguridade e plans de emerxencia interior ou autoprotección;

b) Cooperen na información á poboación e aos lugares veciños non incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto, así como na subministración de información á autoridade competente para a elaboración dos plans de emerxencia exterior.

4. Os accidentes que se poidan producir por efecto dominó entre instalacións dun mesmo establecemento deberanse recoller nos informes de seguridade a que se refire o artigo 10.

Artigo 10. *Informe de seguridade.*

1. Os industriais dos establecementos de nivel superior están obrigados a elaborar un informe de seguridade, que teña por obxecto:

a) Demostrar que se estableceu unha política de prevención de accidentes graves aplicada a través dun sistema de xestión da seguridade, de conformidade cos elementos que figuran no anexo II.

b) Demostrar que se identificaron e avaliaron os riscos de accidentes, con especial rigor nos casos en que estes poidan xerar consecuencias graves, e que se tomaron as medidas necesarias para previlos e para limitar as súas consecuencias sobre a saúde humana, o ambiente e os bens.

c) Demostrar que o deseño, a construción, a explotación e o mantemento de toda instalación, zona de almacenamento, equipamentos e infraestrutura ligada ao seu funcionamento, que estean relacionados co risco de accidente grave no establecemento, presentan unha seguridade e fiabilidade suficientes.

d) Demostrar que se elaboraron plans de emerxencia interior ou autoprotección e facilitar os datos necesarios que posibiliten a elaboración do plan de emerxencia exterior co fin de tomar as medidas necesarias en caso de accidente grave.

e) Proporcionar información suficiente ás autoridades competentes para que poidan tomar decisións en materia de implantación de novos establecementos, ou de autorización doutro tipo de proxectos nas proximidades dos establecementos existentes.

2. O informe de seguridade conterá, como mínimo, a información que recolle a Directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves en que interveñen substancias perigosas, aprobada polo Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro.

No informe de seguridade indicaranse expresamente os nomes das organizacións pertinentes que participasen na súa elaboración.

De conformidade co disposto no artigo 6.3, o informe de seguridade e calquera outro estudo ou informe de natureza análoga que deban realizar os industriais, en virtude da lexislación sectorial aplicable, poderanse fusionar nun documento único para os efectos do presente artigo, cando esa fusión permita evitar duplicacións innecesarias da información e a repetición dos traballos realizados polo industrial ou a autoridade competente, sempre que se cumpran todos os requisitos deste artigo e os exixidos pola lexislación sectorial que resulte aplicable. A este respecto, no caso de posibles consecuencias para o ambiente, poderanse utilizar as análises de riscos ambientais elaboradas en cumprimento da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.

3. O industrial presentará o informe de seguridade ante o órgano competente da comunidade autónoma, respectando os seguintes prazos:

a) No caso de establecementos novos, antes de comezar a súa construción ou explotación ou antes das modificacións que dean lugar a un cambio no inventario de substancias perigosas, todo isto no prazo concreto que determine o órgano competente da comunidade autónoma.

b) No caso dos establecementos de nivel superior existentes, antes do prazo dun ano contado desde a data de entrada en vigor deste real decreto.

c) No caso dos outros establecementos, no prazo de dous anos a partir da data en que este real decreto se aplique ao establecemento en cuestión.

4. Os números 1, 2 e 3 non se aplicarán ao industrial cando xa enviase o informe de seguridade ao órgano competente da comunidade autónoma antes da data de entrada en vigor deste real decreto, en cumprimento dos requisitos do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, e a información contida nel cumpra o disposto nos números 1 e 2 e non cambiase. Co obxecto de dar cumprimento aos números 1 e 2, o industrial presentará todas as partes modificadas do informe de seguridade na forma prescrita polo órgano competente nos prazos mencionados no número 3.

5. Todo informe de seguridade deberá ser avaliado. Para a avaliación dos informes de seguridade, o órgano competente da comunidade autónoma poderá requirir, se o considera conveniente, a colaboración dos organismos de control habilitados de acordo co previsto no Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial, aprobado polo Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro.

6. Unha vez avaliado o informe de seguridade, o órgano competente da comunidade autónoma pronunciarase, no prazo máximo de seis meses desde a súa entrega, sobre as condicións de seguridade do establecemento en materia de accidentes graves, nalgún dos seguintes sentidos:

a) Comunicará ao industrial as súas conclusións sobre o exame do informe de seguridade, se for o caso, logo da solicitude de información complementaria e/ou modificacións pertinentes.

b) Prohibirá a posta en servizo ou a continuación da actividade do establecemento de que se trate, de conformidade coas facultades e procedementos previstos no artigo 20.

7. Sen prexuízo do disposto no artigo 11, o industrial debe revisar periodicamente o informe de seguridade e actualizalo, se for o caso, do seguinte modo:

a) Como mínimo, cada cinco anos.

b) A raíz dun accidente grave no seu establecemento, cando sexa necesario.

c) En calquera momento, por iniciativa do industrial ou por petición da autoridade competente, cando estea xustificado por novos datos ou co fin de ter en conta os novos coñecementos técnicos sobre seguridade.

O informe de seguridade actualizado, ou as súas partes actualizadas, enviarase sen demora ao órgano competente da comunidade autónoma.

Para efectos do disposto no artigo 22, o órgano competente da comunidade autónoma informará desas actualizacións a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior a través da Base nacional de datos sobre risco químico.

8. No caso de establecementos situados no dominio público portuario, o industrial remitirá tamén copia do informe de seguridade e as súas posteriores actualizacións á autoridade portuaria e ás capitanías marítimas competentes. Así mesmo, o órgano competente da comunidade autónoma informará a autoridade portuaria e a capitanía marítima sobre as conclusións do informe de seguridade a que se refire o número 6.

9. O órgano competente da comunidade autónoma poderá exixir aos industriais de establecementos de nivel inferior que elaboren e remitan ao dito órgano determinados aspectos do informe de seguridade que poidan resultar necesarios para o cumprimento do especificado nos artigos 8 e 9.

Artigo 11. *Modificación dunha instalación, establecemento ou zona de almacenamento.*

1. En caso de modificación dun establecemento, instalación, zona de almacenamento, proceso, ou das características, forma física ou cantidades de substancias perigosas, que poida ter consecuencias importantes no que respecta aos riscos de accidente grave, ou que poida dar lugar a que un establecemento de nivel inferior pase a ser un establecemento de nivel superior ou viceversa, o industrial:

a) Revisará e, se é necesario, actualizará a notificación a que fai referencia o artigo 7, a súa política de prevención de accidentes graves e o sistema de xestión de seguridade, o informe de seguridade, así como o plan de emerxencia interior ou autoprotección, recollidos nos artigos 8, 10 e 12, dentro dos prazos previstos nestes preceptos.

b) Informará o órgano competente da comunidade autónoma sobre as ditas actualizacións antes de proceder a esa modificación. Cando os establecementos se encontren situados no dominio público portuario, esta información tamén se proporcionará ás autoridades portuarias.

2. Co fin de cumprir co disposto no artigo 22, o órgano competente da comunidade autónoma informará desas actualizacións a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior a través da Base nacional de datos sobre risco químico.

3. Para efectos do indicado no número 1, consideraranse modificacións que poden ter consecuencias importantes sobre os riscos de accidente grave as seguintes:

a) O cambio de nivel de afectación do establecemento, co paso de nivel inferior a superior, ou viceversa.

b) O cambio do estado físico dalgunha substancia perigosa, ou dos procesos en que interveña, de forma que se poida prever baixo determinadas condicións a liberación de materia ou enerxía que orixine un risco de accidente grave.

c) A incorporación de novas substancias perigosas en cantidades iguais ou superiores aos limiares da columna 2 da parte 1 ou da parte 2 do anexo I. Todo isto empregando, cando sexa aplicable, a regra da suma da nota 4 do anexo I.

d) O incremento das cantidades de substancias perigosas presentes en cantidades inferiores aos limiares da columna 3 da parte 1 ou da parte 2 do anexo I, cando o dito incremento sexa igual ou superior aos limiares da columna 2 da parte 1 ou da parte 2 do anexo I. Todo isto empregando, cando sexa aplicable, a regra da suma da nota 4 do anexo I.

e) O incremento das cantidades de substancias perigosas presentes en cantidades iguais ou superiores aos limiares da columna 3 da parte 1 ou da parte 2 do anexo I, cando o dito incremento sexa un 30 % ou máis da cantidade presente e, asemade, supoña un aumento superior ao dobre dos limiares da columna 2 da parte 1 ou da parte 2 do anexo I.

f) A suma de modificacións sucesivas non consideradas como importantes cando, no seu conxunto, cumpran algunha das condicións anteriores.

A relación dos criterios cuantitativos e cualitativos sinalados neste número ten carácter non limitativo. En calquera caso, o órgano competente da comunidade autónoma poderá fixar criterios máis restritivos.

Artigo 12. *Plans de emerxencia interior ou de autoprotección.*

1. En todos os establecementos suxeitos ás disposicións deste real decreto, o industrial deberá elaborar un plan de emerxencia interior ou autoprotección, en que se defina a organización e o conxunto de medios e procedementos de actuación, co fin de prever os accidentes de calquera tipo e, se for o caso, limitar os efectos no interior do establecemento.

O seu contido axustarase ao especificado na Directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves en que interveñen substancias perigosas, aprobada polo Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro, e á normativa en vigor en materia de autoprotección. Elaboraranse logo de consulta co persoal do

establecemento e cos traballadores de empresas subcontratadas ou subcontratistas a longo prazo, e cumprirán, en todo caso, o disposto no artigo 18, relativo á información, consulta e participación dos traballadores, da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas establecerán a normativa adecuada co obxecto de que os industriais manteñan actualizados os plans de emerxencia interior ou de autoprotección, mediante a súa modificación de acordo cos cambios que se producen nos establecementos e, en todo caso, en períodos non superiores a tres anos. A revisión terá en conta os cambios que se producen nos establecementos correspondentes, así como os novos coñecementos técnicos e os coñecementos sobre as medidas que se deban tomar en caso de accidente grave.

3. No marco das obrigacións derivadas da coordinación de actividades empresariais a que se refire o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, desenvolvido polo Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, en materia de coordinación de actividades empresariais, o empresario titular do establecemento deberá informar do contido do plan de emerxencia interior ou de autoprotección aquelas empresas subcontratadas e autónomas que desenvolvan a súa actividade no dito establecemento, e todos eles deberán cumprir co deber de cooperación e coas demais obrigacións establecidas no citado real decreto.

4. O plan de emerxencia interior ou de autoprotección será remitido ao órgano competente da comunidade autónoma, así como ás autoridades portuarias e capitánías marítimas competentes cando os establecementos se encontren situados no dominio público portuario:

a) Para os novos establecementos, antes de que se inicie a súa explotación ou antes das modificacións que dean lugar a un cambio no inventario de substancias perigosas, todo isto no prazo establecido pola comunidade autónoma.

b) Para os establecementos existentes, como máis tarde no prazo dun ano contado desde a data de entrada en vigor deste real decreto, a menos que o plan elaborado en cumprimento do exixido no Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, antes desa data e a información contida nel se atean xa ao disposto neste artigo e non cambiasen.

c) Para os demais establecementos, no prazo de dous anos a partir da data en que este real decreto se aplique ao establecemento en cuestión.

5. Os industriais dos establecementos de nivel superior proporcionarán, nos termos e prazos indicados no número 4, a información necesaria para que a autoridade competente en materia de protección civil da comunidade autónoma correspondente desenvolva os plans de emerxencia exterior.

Artigo 13. *Plans de emerxencia exterior.*

1. Para os establecementos de nivel superior, incluídos os regulados polo Regulamento de explosivos e polo Regulamento de artigos pirotécnicos e cartucharía, os órganos competentes en materia de protección civil das comunidades autónomas elaborarán, coa colaboración dos industriais, un plan de emerxencia exterior para previr e, se for o caso, mitigar as consecuencias dos posibles accidentes graves previamente analizados, clasificados e avaliados, en que se establezan as medidas de protección máis idóneas, os recursos humanos e materiais necesarios e o esquema de coordinación das autoridades, órganos e servizos chamados a intervir.

O seu contido e procedemento de homologación axustaranse ao especificado na Directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves en que interveñen substancias perigosas, aprobada polo Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro.

O prazo para a súa elaboración e aprobación será de dous anos desde a recepción do informe de seguridade e da información a que fai referencia o artigo 12.5.

2. Para elaborar ou modificar substancialmente os plans de emerxencia exterior, os órganos competentes das comunidades autónomas establecerán mecanismos de consulta para que o público interesado teña a posibilidade de dar a súa opinión desde unha fase temperá.

3. Os órganos competentes das comunidades autónomas organizarán un sistema que garanta a revisión periódica, a actualización, a proba e, se for o caso, a modificación de todos os plans de emerxencia exterior a intervalos apropiados que non deberán superar os tres anos. Terase en conta tanto os cambios que se producen nos establecementos correspondentes como na organización dos servizos de emerxencia chamados a intervir, así como os novos coñecementos técnicos e os coñecementos sobre as medidas que se deban tomar en caso de accidente grave.

Este sistema garantizará que todas as administracións, organismos e servizos implicados dispoñan puntualmente das actualizacións, probas e revisións efectuadas nos plans de emerxencia exterior. Así mesmo, a autoridade competente da comunidade autónoma solicitará á Comisión Nacional de Protección Civil unha nova homologación, se así o considera conveniente, en función das revisións periódicas, ampliacións, substitucións ou outras modificacións que varíen as condicións en que se realizou a homologación inicial.

4. A autoridade competente da comunidade autónoma poderá decidir, á vista da información contida no informe de seguridade, que as disposicións do número 1 relativas á obrigação de establecer un plan de emerxencia exterior non se apliquen, sempre e cando se demostre que a repercusión dos accidentes previstos no informe de seguridade non ten consecuencias no exterior. Esta decisión xustificada deberá ser comunicada á Comisión Nacional de Protección Civil para os efectos previstos no artigo 6.

5. En relación con aqueles establecementos que se encontren situados no dominio público portuario, as autoridades portuarias e capitanías marítimas competentes colaborarán cos órganos competentes das comunidades autónomas na elaboración do plan de emerxencia exterior.

Artigo 14. *Planificación do uso do solo.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas velarán por que se teñan en conta os obxectivos de prevención de accidentes graves e de limitación das súas consecuencias para a saúde humana, os bens e o ambiente nos seus instrumentos de planificación territorial e urbanística e noutros pertinentes. Procurarán alcanzar tales obxectivos mediante o control:

- a) Da localización dos establecementos novos.
- b) Das modificacións dos establecementos recollidas no artigo 11.
- c) Das novas obras, tales como vías de comunicación, lugares de uso público e zonas de vivendas, realizadas nas inmediacións dos establecementos, cando a localización ou as obras executadas poidan orixinar ou aumentar o risco ou as consecuencias dun accidente grave.

2. Os instrumentos de asignación ou utilización do solo e outros pertinentes, así como os procedementos de aplicación destes, terán en conta a necesidade, a longo prazo:

- a) De manter as distancias adecuadas entre, por unha parte, os establecementos recollidos neste real decreto e, por outra, as zonas de vivenda, as zonas frecuentadas polo público, as áreas recreativas e, na medida do posible, as grandes vías de transporte. Para os establecementos afectados tamén polo Regulamento de explosivos ou polo Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería, estas distancias non poderán ser en ningún caso inferiores ás distancias mínimas que se deben observar para a instalación de fábricas, talleres e depósitos establecidas na Instrución técnica complementaria n.º 10 do Regulamento de explosivos, aprobada pola Orde PRE/252/2006, do 6 de febreiro, e na Instrución técnica complementaria n.º 10 do Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería.

b) De protexer as zonas que presenten un interese natural particular ou teñan un carácter especialmente sensible nas inmediacións de establecementos, mantendo, cando proceda, as distancias de seguridade apropiadas ou outras medidas pertinentes.

c) No caso dos establecementos existentes, de tomar medidas técnicas adicionais, de conformidade co artigo 5, para non incrementar os riscos para a saúde humana e o ambiente.

3. Os órganos facultados para tomar decisións neste ámbito establecerán procedementos de consulta adecuados para facilitar a aplicación das políticas adoptadas conforme o número 1. Os procedementos serán tales que, no momento de tomar as decisións de índole urbanística, se dispoña de suficiente información proporcionada polos industriais sobre os riscos vinculados ao establecemento e dun ditame técnico ao respecto, baseado no estudo de casos concretos ou en criterios xerais.

Co fin de evitar duplicidades, a fase de información pública e de consultas será conxunta para todos aqueles procedementos establecidos nas normativas que, por seren de aplicación á aprobación ou autorización do plan, programa ou proxecto, exixan esta fase.

4. Os industriais dos establecementos de nivel inferior, por requirimento dos órganos competentes da comunidade autónoma, proporcionarán a información sobre os riscos vinculados ao establecemento que sexa necesaria para efectos de planificación da ocupación do solo.

Artigo 15. *Información ao público.*

1. A autoridade competente en cada caso porá á disposición do público de forma permanente e tamén en formato electrónico a información mencionada no anexo III. A información actualizarase cando resulte necesario, tamén con motivo das modificacións recollidas no artigo 11.

2. No caso dos establecementos de nivel superior, a autoridade competente en colaboración cos industriais dos establecementos asegurase tamén de que:

a) O público afectado, incluído o que se encontre en todos os edificios e zonas de uso público, como escolas e hospitais, e en todos os situados nas inmediacións, para os efectos previstos no artigo 9, reciba periodicamente, polo medio máis adecuado e sen que teñan que solicitala, información clara e comprensible sobre as medidas de seguridade e o comportamento que se debe adoptar en caso de accidente grave.

Esta información incluirá, como mínimo, os datos a que se fai referencia no anexo III, proporcionarase ao menos cada cinco anos e será actualizada cando sexa necesario, tamén con motivo das modificacións recollidas no artigo 11.

b) O informe de seguridade estea á disposición do público cando se solicite, sen prexuízo do disposto no artigo 23.3. Para estes efectos, porase á disposición do público un informe modificado, por exemplo en forma de resumo non técnico, que incluirá información xeral sobre os perigos de accidente grave e os seus efectos potenciais para a saúde humana, os bens e o ambiente en caso de accidente grave.

c) O inventario das substancias perigosas estea á disposición do público cando se solicite, sen prexuízo do disposto no artigo 23.3.

3. Para efectos do disposto no artigo 22, o órgano competente da comunidade autónoma incorporará a información correspondente ao número 2 á Base nacional de datos sobre risco químico.

Artigo 16. *Consulta pública e participación na toma de decisións.*

1. Someteranse a consulta e participación do público interesado, nunha fase temperá, os proxectos concretos relativos:

a) Á planificación de establecementos novos, de conformidade co artigo 14.

b) Ás modificacións significativas dos establecementos a que se refire o artigo 11, cando estean suxeitas aos requisitos do artigo 14.

c) Á execución de obras nas inmediacións de establecementos, cando a localización ou as obras executadas poidan aumentar o risco ou as consecuencias dun accidente grave, de conformidade co artigo 14.

2. En relación cos proxectos concretos sinalados no número 1, a autoridade competente en cada caso informará o público, mediante anuncio publicado no boletín oficial correspondente durante ao menos 15 días hábiles, sen prexuízo da súa posible publicación nunha páxina web oficial durante o mesmo período, dos seguintes asuntos:

- a) O obxecto do proxecto concreto.
- b) Cando proceda, a circunstancia de que un proxecto está suxeito a unha avaliación do impacto ambiental, ou a consultas entre Estados membros.
- c) Datos sobre os órganos competentes responsables de tomar a decisión, dos cales se poida obter información pertinente e aos cales se poidan presentar observacións ou formular preguntas, así como os prazos para isto.
- d) A natureza das decisións posibles ou, se for o caso, do proxecto de decisión.
- e) Unha indicación das datas e os lugares en que se facilitará a información pertinente, así como os medios empregados para isto.

3. A autoridade competente en cada caso porá, así mesmo, á disposición do público interesado os seguintes elementos sobre os proxectos concretos a que se refire o número 1:

- a) Os principais informes e ditames remitidos á autoridade competente no momento en que se informou o público conforme o número 2.
- b) Toda información que non sexa a referida no número 2 que resulte pertinente para a decisión de que se trate e que só se poida obter despois de que se informase o público conforme o citado número.

O público interesado consultado deberase pronunciar no prazo máximo de 30 días naturais desde a recepción da solicitude de participación. Transcorrido ese prazo sen que se recibise o pronunciamento, o procedemento continuará.

4. Cando se tomen as decisións pertinentes, a autoridade competente informará e porá á disposición do público, mediante avisos públicos ou outros medios apropiados como os electrónicos, cando se dispoña deles, e no prazo de tres meses contados desde a recepción da notificación e os documentos que se lle deben xuntar:

- a) O contido da decisión e as razóns que a xustifican, incluídas, se for o caso, as posteriores actualizacións.
- b) Os resultados das consultas realizadas antes de tomar a decisión e unha explicación de como se tiveron en conta para chegar a ela.

5. Para que o público interesado teña a posibilidade desde unha fase temperá de dar o seu parecer sobre plans ou programas relativos aos asuntos mencionados no número 1, letras a) ou c):

- a) A autoridade competente en cada caso consultará o público interesado e porá á súa disposición o borrador do plan ou programa.
- b) O público interesado consultado deberase pronunciar no prazo máximo de corenta e cinco días hábiles desde a recepción do borrador. Transcorrido ese prazo sen que se recibise o pronunciamento, o procedemento continuará.
- c) A autoridade competente en cada caso tomará a decisión correspondente no prazo de catro meses desde o inicio do proceso de consultas.

Este punto non se aplicará aos plans e programas para os cales se leve a cabo un procedemento de participación consonte a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Artigo 17. *Información que deberá facilitar o industrial ante un accidente grave.*

1. Tan axiña como se orixine un incidente ou accidente susceptible de causar un accidente grave de acordo coa definición dada no artigo 3 e facendo uso dos medios máis adecuados, os industriais dos establecementos comprendidos no ámbito de aplicación deste real decreto estarán obrigados a informar de forma inmediata o órgano competente da comunidade autónoma en materia de protección civil.

Os industriais dos establecementos regulados polo Regulamento de explosivos e polo Regulamento de artigos pirotécnicos e cartuchería informarán tamén a delegación ou subdelegación do Goberno correspondente.

Cando os establecementos se encontren situados no dominio público portuario, esta información proporcionarase, así mesmo, ás autoridades portuarias.

A información que haberá que transmitir será a seguinte:

- a) As circunstancias que concorreron para que se produza o accidente;
- b) As substancias perigosas e as cantidades implicadas inicialmente no accidente ou que poidan estalo pola evolución desfavorable deste;
- c) Os datos dispoñibles para avaliar os efectos directos e indirectos a curto, medio e longo prazo, na saúde humana, nos bens e no ambiente;
- d) As medidas de emerxencia interior adoptadas;
- e) As medidas de emerxencia interior previstas;
- f) As medidas de apoio exterior necesarias para o control do accidente e a atención aos afectados;
- g) Outra información referida a este que lle poida solicitar a autoridade competente.

Para isto deberanse adecuar os procedementos de comunicación directa co centro de emerxencias que para estes efectos dispuxese a autoridade competente.

2. Posteriormente ao suceso, o industrial deberá, nun prazo razoable de tempo establecido polo órgano competente da comunidade autónoma:

- a) Remitir aos órganos competentes da comunidade autónoma, de forma pormenorizada, as causas e os efectos producidos como consecuencia do accidente.
- b) Informar os órganos competentes da comunidade autónoma das medidas previstas para:

1.º Mitigar os efectos do accidente a medio e longo prazo.

2.º Evitar que se produzan accidentes similares, con base nas experiencias adquiridas.

- c) Actualizar a información facilitada, en caso de que investigacións máis rigorosas poñan de manifesto novos feitos que modifiquen a dita información ou as conclusións que dimanen dela.

Artigo 18. *Medidas que deberá adoptar a autoridade competente despois dun accidente grave.*

Unha vez concluída a situación de emerxencia por un accidente grave, os órganos competentes da comunidade autónoma deberán:

- a) Asegurarse de que se adopten as medidas a medio e longo prazo que sexan necesarias.
- b) Recoller, mediante inspección, investigación ou outros medios adecuados, a información necesaria para unha análise completa do accidente nos aspectos técnicos, de organización e de xestión.
- c) Dispor o necesario para que o industrial tome as medidas paliativas necesarias.
- d) Formular recomendacións sobre futuras medidas de prevención.

Artigo 19. *Información que o órgano competente da comunidade autónoma facilitará en caso de accidente grave.*

1. Co fin de asegurar a coordinación nos casos de accidentes graves entre as autoridades chamadas a intervir, así como para cumprir os requisitos de información á Comisión Europea, os órganos competentes das comunidades autónomas informarán no momento en que se teña noticia dun accidente grave a delegación do Goberno correspondente e, se for o caso, a subdelegación do Goberno da provincia onde estea radicado o establecemento, así como a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior a través da Sala Nacional de Emerxencias.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán á Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior tan axiña como sexa posible e, como máis tarde, dous meses despois da data do accidente, a información dos accidentes graves que ocorran no seu territorio. Para aqueles que respondan aos criterios do anexo IV deste real decreto, esta información conterá, como mínimo, os seguintes datos:

- a) Nome e enderezo da autoridade encargada de elaborar o informe.
- b) Data, hora e lugar do accidente, nome completo do industrial e enderezo do establecemento de que se trate.
- c) Unha breve descrición das circunstancias do accidente, con indicación das substancias perigosas involucradas e dos efectos inmediatos na saúde humana e no ambiente.
- d) Unha breve descrición das medidas de emerxencia adoptadas e das precaucións inmediatas necesarias para evitar a repetición do accidente.
- e) Os resultados das súas investigacións sobre o accidente e recomendacións. Esta información poderase atrasar co fin de posibilitar a conclusión de procedementos xudiciais, en caso de que a dita comunicación poida afectar tales procedementos.

Para o cumprimento do indicado neste número acordaranse, no seo da Comisión Nacional de Protección Civil, os formatos normalizados correspondentes, seguindo os criterios aconsellados pola Comisión Europea.

3. Para efectos do disposto no artigo 22, o órgano competente da comunidade autónoma incorporará a información a que se refire o número 2 á Base nacional de datos sobre risco químico.

4. Así mesmo, a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior facilitará a información normalizada á Comisión Europea, segundo o disposto no artigo 6.

Artigo 20. *Prohibición de explotación.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas deberán prohibir a explotación ou a entrada en servizo de calquera establecemento, instalación, zona de almacenamento, ou calquera parte deles, cando as medidas adoptadas polo titular para a prevención e a redución dos accidentes graves se consideren, de maneira xustificada, manifestamente insuficientes.

En particular, terán en conta os casos graves nos cales non se adoptasen as medidas necesarias mencionadas no informe de inspección.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas poderán prohibir a explotación ou a entrada en servizo de todo establecemento, instalación ou zona de almacenamento, ou de calquera parte deles, se o industrial non presentou a notificación, os informes ou outra información exixida por este real decreto dentro do prazo establecido.

3. O órgano competente da comunidade autónoma informará a Comisión Nacional de Protección Civil das decisións adoptadas no seu territorio segundo o disposto nos números 1 e 2.

4. Ante as prohibicións dos números 1 e 2, o industrial afectado poderá interpor recurso, de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 21. *Inspeccións.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas establecerán un sistema de inspeccións e as medidas de control adecuadas a cada tipo de establecemento comprendido no ámbito de aplicación deste real decreto.

2. Estas inspeccións serán adecuadas para o tipo de establecemento de que se trate, non dependerán da recepción do informe de seguridade nin de ningún outro informe presentado e posibilitarán un exame planificado e sistemático dos equipamentos técnicos, de organización e de modos de xestión aplicados no establecemento, co fin de que o industrial poida demostrar, en particular:

- a) Que tomou as medidas adecuadas para previr accidentes graves, tendo en conta as actividades do establecemento.
- b) Que tomou as medidas adecuadas para limitar as consecuencias de accidentes graves dentro e fóra do establecemento.
- c) Que os datos e a información facilitados no informe de seguridade, ou noutros informes presentados, reflicten fielmente o estado de seguridade do establecemento.
- d) Que estableceu programas e informou o persoal do establecemento sobre as medidas de protección e actuación en caso de accidente.

3. O órgano competente da comunidade autónoma asegurarse de que todos os establecementos estean cubertos por un plan de inspección a escala rexional ou local e garantirá que este plan se revise e, cando proceda, se actualice periodicamente.

Os plans de inspección incluirán o seguinte:

- a) Unha valoración xeral dos aspectos de seguridade relevantes.
- b) A zona xeográfica cuberta polo plan de inspección.
- c) A relación dos establecementos cubertos polo plan.
- d) A relación dos grupos de establecementos con posible efecto dominó segundo o artigo 9.
- e) Unha lista dos establecementos en que fontes de perigo ou riscos externos concretos poidan aumentar a probabilidade ou as consecuencias dun accidente grave.
- f) Os procedementos para as inspeccións rutineiras, incluídos os programas para esas inspeccións de conformidade co número 4.
- g) Os procedementos das inspeccións non rutineiras indicadas no número 5.
- h) As disposicións sobre a cooperación entre as diferentes autoridades responsables das inspeccións.

Para a realización das inspeccións, o órgano competente da comunidade autónoma poderá requirir, se o considera conveniente, a colaboración de organismos de control habilitados pola Administración competente, de acordo co disposto no Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial.

4. Baseándose nos plans de inspección mencionados no número 3, a autoridade competente en cada caso elaborará periodicamente programas de inspección de rutina para todos os establecementos, que inclúan a frecuencia das visitas *in situ* para os distintos tipos de establecementos.

O período entre dúas visitas *in situ* consecutivas non excederá un ano para os establecementos de nivel superior e tres para os de nivel inferior, a non ser que a autoridade competente elaborase un programa de inspeccións baseado nunha valoración sistemática dos perigos de accidente grave dos establecementos de que se trate.

Esta avaliación sistemática dos perigos basearase, ao menos, nos seguintes criterios:

- a) A repercusión posible dos establecementos sobre a saúde humana, os bens e o ambiente.
- b) O historial de cumprimento dos requisitos deste real decreto.

Cando proceda, teranse en conta tamén as conclusións pertinentes de inspeccións realizadas conforme outras normativas.

5. As inspeccións non rutineiras levaranse a cabo para investigar, o antes posible, denuncias graves, accidentes graves e conatos de accidente, incidentes e casos de incumprimento.

6. Nun prazo de catro meses seguintes a cada inspección, a autoridade competente da comunidade autónoma comunicará ao industrial as conclusións da inspección e todas as actuacións que se consideren necesarias. A autoridade competente asegurase de que o industrial realice todas esas actuacións necesarias nun período razoable tras recibir a comunicación. Este período quedará determinado polo órgano competente da comunidade autónoma.

Se nunha inspección se detectou un caso importante de incumprimento deste real decreto, levarase a cabo outra inspección no prazo de seis meses.

Cando dos informes de inspección se desprendan datos de interese relevante para outras áreas de actuación administrativa, en materia de riscos para a saúde humana, seguridade e saúde laboral, seguridade e calidade industrial, ordenación do territorio e urbanismo, ambiente ou seguridade portuaria, os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán copia de tales informes ás respectivas autoridades competentes en tales materias, co fin de que poidan adoptar as medidas pertinentes.

Os órganos competentes en materia de inspección porán en coñecemento das correspondentes comisións autonómicas de protección civil, mediante informe anual elaborado para tal fin, os resultados e as circunstancias que concorreron nas inspeccións realizadas.

Cando sexa posible e proceda, as inspeccións coordinaranse coas levadas a cabo conforme outras normativas.

7. Para efectos do disposto no artigo 22, o órgano competente da comunidade autónoma incorporará a información a que se refiren os números 3 e 6 á Base nacional de datos sobre risco químico.

8. A Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior establecerá mecanismos e instrumentos para intercambiar experiencias e consolidar os coñecementos, entre as autoridades competentes das comunidades autónomas e para que participen neses mecanismos no ámbito da Unión Europea, cando sexa procedente.

9. Os órganos competentes das comunidades autónomas velarán por que os industriais presten ás autoridades competentes toda a asistencia que sexa necesaria para que estas poidan levar a cabo as inspeccións e reunir a información precisa para o desempeño das súas obrigacións para efectos deste real decreto, en particular para que as autoridades poidan avaliar exhaustivamente a posibilidade dun accidente grave e determinar as posibilidades de que aumenten a probabilidade ou a gravidade dos accidentes graves, preparar un plan de emerxencia exterior e ter en conta substancias que, pola súa forma física, as súas condicións particulares ou a súa situación, poidan exixir unha consideración adicional.

Artigo 22. *Intercambios e sistema de información.*

1. A Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior e os órganos competentes das comunidades autónomas intercambiarán información sobre a experiencia adquirida en materia de prevención de accidentes graves e de limitación das súas consecuencias. A dita información versará fundamentalmente sobre o funcionamento das medidas previstas por este real decreto e compartirase a través da Base nacional de datos sobre risco químico.

2. A Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior administrará e manterá operativa e á disposición dos órganos competentes a dita base de datos, con información detallada sobre os establecementos recollidos neste real decreto, así como coa información sobre accidentes definida no artigo 19, número 2.

A Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior, en colaboración cos órganos competentes das comunidades autónomas, manterá actualizada a dita base.

3. Para facilitar o cumprimento do disposto no número 1 do artigo 15, a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior permitirá, a través da súa páxina web e se a autoridade competente da comunidade autónoma así o considera, pór á disposición do público os datos do anexo III non considerados confidenciais de acordo co artigo 23.

Artigo 23. *Acceso á información e confidencialidade.*

1. Para unha maior transparencia, as autoridades competentes en cada caso deberán pór a información recibida en aplicación deste real decreto á disposición de calquera persoa física ou xurídica que o solicite, nos termos previstos na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

2. A divulgación de información exixida en virtude deste real decreto, incluída aquela en virtude do artigo 15, poderá ser rexeitada ou restrinxida pola autoridade competente cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 13 da Lei 27/2006, do 18 de xullo.

3. A divulgación da información completa a que se fai referencia no artigo 15, número 2, letras b) e c), que figure en poder da autoridade competente en cada caso, poderá ser denegada por esta, sen prexuízo do disposto no número 2, se o industrial pediu que non se revelen determinadas partes do informe de seguridade ou o inventario de substancias perigosas polas razóns previstas no artigo 13 da Lei 27/2006, do 18 de xullo.

A autoridade competente en cada caso poderá decidir tamén, polas mesmas razóns, que determinadas partes do informe ou do inventario non se revelen. Nestes casos, e logo de acordo da dita autoridade competente, o industrial proporcionarlle un informe ou un inventario modificados dos cales se exclúan esas partes.

Artigo 24. *Acceso á xustiza.*

1. Todo solicitante que pida información conforme o artigo 15.2, letras b) ou c), ou o artigo 23.1, pode interpor os recursos administrativos regulados no título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e demais normativa aplicable e, se for o caso, o recurso contencioso-administrativo previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, polos actos ou omisións do órgano competente en relación coa súa solicitude, nos termos previstos na Lei 27/2006, do 18 de xullo.

2. O público interesado, nos casos a que se aplica o artigo 16.1, poderá presentar os recursos administrativos regulados no título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e demais normativa aplicable e, se for o caso, o recurso contencioso-administrativo regulado na Lei 29/1998, do 13 de xullo, nos termos previstos na Lei 27/2006, do 18 de xullo.

Artigo 25. *Réxime sancionador.*

Sen prexuízo das infraccións que, se for o caso, poidan establecer as comunidades autónomas, o incumprimento do establecido neste real decreto será cualificado e sancionado de conformidade coa seguinte normativa:

- a) Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil.
- b) Título V, «Infraccións e sancións», da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.
- c) Capítulo V, «Infraccións e sancións», da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.

Disposición adicional primeira. *Aplicación a Ceuta e Melilla.*

As disposicións contidas no artigo 6.1 deste real decreto, sobre os órganos competentes das comunidades autónomas, son de aplicación polos órganos competentes das cidades de Ceuta e Melilla.

Disposición adicional segunda. *Información á Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior.*

Como máis tarde o 30 de marzo de 2016, e posteriormente cada ano, a autoridade competente das comunidades autónomas proporcionará á Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior un informe sobre a aplicación deste real decreto.

Disposición adicional terceira. *Deber de información á Comisión Europea.*

Como máis tarde o 30 de setembro de 2019, e posteriormente cada catro anos, a Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior proporcionará á Comisión Europea un informe sobre a aplicación deste real decreto.

Disposición adicional cuarta. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas neste real decreto non poderán supor incremento de dotacións, nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñen substancias perigosas, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de seguridade pública prevista no artigo 149.1.29.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao ordenamento xurídico español a Directiva 2012/18/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, relativa ao control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñen substancias perigosas e pola que se modifica e, ulteriormente, derroga a Directiva 96/82/CE.

Disposición derradeira terceira. *Coordinación de procedementos.*

Os órganos competentes da Administración xeral do Estado impulsarán as actuacións necesarias para coordinar, na medida do posible e con pleno respecto da distribución de competencias entre as distintas administracións, os procedementos e os controis previstos neste real decreto cos regulados na normativa sectorial correspondente cando os ámbitos de aplicación sexan parcialmente coincidentes.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento normativo.*

Os ministros do Interior, de Fomento, de Emprego e Seguridade Social, de Industria, Enerxía e Turismo, de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, no ámbito das súas respectivas competencias, ditarán as disposicións necesarias para a execución e o desenvolvemento do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Habilitación normativa.*

Autorízanse os ministros do Interior, de Fomento, de Emprego e Seguridade Social, de Industria, Enerxía e Turismo, de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, ou o ministro da Presidencia, por proposta

conxunta daqueles, logo de informe da Comisión Nacional de Protección Civil, segundo os supostos de que en cada caso se trate, a modificar mediante orde ministerial os anexos deste real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de setembro de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO I

Substancias perigosas

As substancias perigosas incluídas nas categorías de perigo enumeradas na columna 1 da parte 1 deste anexo aplicaráselles as cantidades limiar indicadas nas columnas 2 e 3 da parte 1.

En caso de que unha substancia perigosa estea incluída tanto na parte 1 como na parte 2 deste anexo, aplicaranse as cantidades limiar indicadas nas columnas 2 e 3 da parte 2.

Parte 1

Categorías de substancias perigosas

Esta parte comprende todas as substancias perigosas incluídas nas categorías de perigo enumeradas na columna 1:

Columna 1	Columna 2	Columna 3
Categorías de perigo de conformidade co Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008.	Cantidades limiar (en toneladas) das substancias perigosas a que se fai referencia no artigo 3, número 10, para efectos de aplicación dos	
	Requisitos de nivel inferior	Requisitos de nivel superior
Sección «H» – PERIGOS PARA A SAÚDE		
H1 TOXICIDADE AGUDA – Categoría 1, todas as vías de exposición.	5	20
H2 TOXICIDADE AGUDA – Categoría 2, todas as vías de exposición – Categoría 3, vía de exposición por inhalación (véxase a nota 7).	50	200
H3 TOXICIDADE ESPECÍFICA EN DETERMINADOS ÓRGANOS (STOT) – EXPOSICIÓN ÚNICA STOT SE Categoría 1.	50	200
Sección «P» – PERIGOS FÍSICOS		
P1a EXPLOSIVOS (véxase a nota 8) – Explosivos inestables ou – Explosivos das divisións 1.1, 1.2, 1.3, 1.5 ou 1.6, ou – Substancias ou mesturas que teñan propiedades explosivas de acordo co método A.14 do Regulamento (CE) n.º 440/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, (véxase a nota 9) e non pertencen ás clases de perigo «peróxidos orgánicos» ou «substancias ou mesturas que reaccionan espontaneamente».	10	50
P1b EXPLOSIVOS (véxase a nota 8) Explosivos da división 1.4 (véxase a nota 10).	50	200
P2 GASES INFLAMABLES Gases inflamables das categorías 1 ou 2.	10	50
P3a AEROSOIS INFLAMABLES Aerosois «inflamables» das categorías 1 ou 2, que conteñan gases inflamables das categorías 1 ou 2 ou líquidos inflamables da categoría 1.	150 (neto)	500 (neto)
P3b AEROSOIS INFLAMABLES Aerosois «inflamables» das categorías 1 ou 2, que non conteñan gases inflamables das categorías 1 ou 2 ou líquidos inflamables da categoría 1.	5.000 (neto)	50.000 (neto)
P4 GASES COMBURENTES Gases comburentes da categoría 1.	50	200

Columna 1	Columna 2	Columna 3
Categorías de perigo de conformidade co Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008.	Cantidades limiar (en toneladas) das substancias perigosas a que se fai referencia no artigo 3, número 10, para efectos de aplicación dos	
	Requisitos de nivel inferior	Requisitos de nivel superior
P5a LÍQUIDOS INFLAMABLES – Líquidos inflamables da categoría 1, ou – Líquidos inflamables das categorías 2 ou 3 mantidos a unha temperatura superior ao seu punto de ebulición, ou – Outros líquidos cun punto de inflamación ≤ 60 °C, mantidos a unha temperatura superior ao seu punto de ebulición (véxase a nota 11).	10	50
P5b LÍQUIDOS INFLAMABLES – Líquidos inflamables das categorías 2 ou 3 cando as condicións particulares de proceso, por exemplo presión ou temperatura elevadas, poidan crear perigos de accidentes graves, ou – Outros líquidos cun punto de inflamación ≤ 60 °C cando as condicións particulares de proceso, por exemplo presión ou temperatura elevadas, poidan crear perigos de accidentes graves (véxase a nota 11).	50	200
P5c LÍQUIDOS INFLAMABLES Líquidos inflamables das categorías 2 ou 3 non comprendidos en P5a e P5b.	5.000	50.000
P6a SUBSTANCIAS E MESTURAS QUE REACCIONAN ESPONTANEAMENTE e PERÓXIDOS ORGÁNICOS Substancias e mesturas que reaccionan espontaneamente dos tipos A ou B ou peróxidos orgánicos dos tipos A ou B.	10	50
P6b SUBSTANCIAS E MESTURAS QUE REACCIONAN ESPONTANEAMENTE e PERÓXIDOS ORGÁNICOS Substancias e mesturas que reaccionan espontaneamente dos tipos C, D, E ou F, ou peróxidos orgánicos dos tipos C, D, E ou F.	50	200
P7 LÍQUIDOS E SÓLIDOS PIROFÓRICOS Líquidos pirofóricos da categoría 1 Sólidos pirofóricos da categoría 1.	50	200
P8 LÍQUIDOS E SÓLIDOS COMBURENTES Líquidos comburentes das categorías 1, 2 ou 3, ou Sólidos comburentes das categorías 1, 2 ou 3.	50	200
Sección «E» – PERIGOS PARA O AMBIENTE		
E1 Perigoso para o ambiente acuático nas categorías aguda 1 ou crónica 1.	100	200
E2 Perigoso para o ambiente acuático na categoría crónica 2.	200	500
Sección «O» – OUTROS PERIGOS		
O1 Substancias ou mesturas con indicación de perigo EUH014.	100	500
O2 Substancias e mesturas que, en contacto coa auga, desprenden gases inflamables de categoría 1.	100	500
O3 Substancias ou mesturas con indicación de perigo EUH029.	50	200

Parte 2

Substancias perigosas nomeadas

Columna 1	Número CAS (1)	Columna 2	Columna 3
Substancias perigosas		Cantidades limiar (toneladas) para efectos da aplicación dos	
		Requisitos de nivel inferior	Requisitos de nivel superior
1. Nitrato de amonio (véxase a nota 12)	–	5.000	10.000
2. Nitrato de amonio (véxase a nota 13)	–	1.250	5.000
3. Nitrato de amonio (véxase a nota 14)	–	350	2.500
4. Nitrato de amonio (véxase a nota 15)	–	10	50
5. Nitrato de potasio (véxase a nota 16)	–	5.000	10.000
6. Nitrato de potasio (véxase a nota 17)	–	1.250	5.000
7. Pentaóxido de diarsénico, ácido arsénico (V) e/ou sales	1303-28-2	1	2
8. Trióxido de arsénico, ácido arsenioso (III) e/ou sales	1327-53-3		0,1
9. Bromo	7726-95-6	20	100
10. Cloro	7782-50-5	10	25
11. Compostos de níquel en forma pulverulenta inhalable: monóxido de níquel, dióxido de níquel, sulfuro de níquel, disulfuro de triníquel, trióxido de diníquel	–		1
12. Etilenimina	151-56-4	10	20
13. Flúor	7782-41-4	10	20
14. Formaldehido (concentración ≥ 90 %)	50-00-0	5	50
15. Hidróxeno	1333-74-0	5	50
16. Ácido clorhídrico (gas licuado)	7647-01-0	25	250
17. Derivados de alquilchumbo	–	5	50
18. Gases inflamables licuados das categorías 1 ou 2 (incluído o GLP) e gas natural (véxase a nota 18)	–	50	200
19. Acetileno	74-86-2	5	50
20. Óxido de etileno	75-21-8	5	50
21. Óxido de propileno	75-56-9	5	50
22. Metanol	67-56-1	500	5.000
23. 4,4'-metilen-bis (2-cloroanilina) e/ou os seus sales en forma pulverulenta	101-14-4		0,01
24. Isocianato de metilo	624-83-9		0,15
25. Oxíxeno	7782-44-7	200	2.000
26. 2,4-diisocianato de tolueno 2,6-diisocianato de tolueno	584-84-9 91-08-7	10	100
27. Dicloruro de carbonilo (fósxeno)	75-44-5	0,3	0,75
28. Arsina (trihidruo de arsénico)	7784-42-1	0,2	1
29. Fosfina (trihidruo de fósforo)	7803-51-2	0,2	1
30. Dicloruro de xofre	10545-99-0		1
31. Trióxido de xofre	7446-11-9	15	75
32. Policlorodibenzofuranos e policlorodibenzodioxinas (incluída a TCDD) calculadas en equivalente de TCDD (véxase a nota 20)	–		0,001

Columna 1	Número CAS (1)	Columna 2	Columna 3
Substancias perigosas		Cantidades limiar (toneladas) para efectos da aplicación dos	
		Requisitos de nivel inferior	Requisitos de nivel superior
33. Os seguintes CARCINÓXENOS ou as mesturas que conteñan os seguintes carcinóxenos en concentracións superiores ao 5 % en peso: 4-aminodifenilo e/ou os seus sales, triclorobenceno, bencidina e/ou os seus sales, éter bis (clorometílico), éter clorometílico e metílico, 1,2-dibromoetano, sulfato de dietilo, sulfato de dimetilo, cloruro de dimetil- carbamoílo, 1,2-dibromo-3-cloropropano, 1,2-dimetilhidracina, dimetilnitrosamina, triamida hexametilfosfórica, hidracina, 2-naftilamina e/ou os seus sales, 4-nitrodifenil ou 1,3 propanosulfona	–	0,5	2
34. Produtos derivados do petróleo e combustibles alternativos a) gasolinas e naftas b) querosenos (incluídos carburorreectores) c) gasóleos (incluídos os gasóleos de automoción, os de calefacción e os compoñentes usados nas mesturas de gasóleos comerciais) d) fuel óleos pesados e) combustibles alternativos aos produtos mencionados nas letras a) a d) destinados aos mesmos fins e con propiedades similares no relativo á inflamabilidade e aos perigos ambientais	–	2.500	25.000
35. Amoníaco anhidro	7664-41-7	50	200
36. Trifluoruro de boro	7637-07-2	5	20
37. Sulfuro de hidróxeno	7783-06-4	5	20
38. Piperidina	110-89-4	50	200
39. Bis(2-dimetilaminoetil) (metil)amina	3030-47-5	50	200
40. 3-(2-etilhexiloxi)propilamina	5397-31-9	50	200
41. Mesturas(*) de hipoclorito de sodio clasificadas como perigosas para o ambiente acuático na categoría 1 de perigo agudo [H400] que conteñan menos dun 5 % de cloro activo e non estean clasificadas en ningunha outra categoría de perigo na parte 1 do anexo I. (*) Sempre que a mestura, en ausencia de hipoclorito de sodio, non estea clasificada como perigosa para o ambiente acuático na categoría 1 de perigo agudo [H400].		200	500
42. Propilamina (véxase a nota 20)	107-10-8	500	2.000
43. Acrilato de terc-butilo (véxase a nota 21)	1663-39-4	200	500
44. 2-metil-3-butenonitrilo (véxase a nota 21)	16529-56-9	500	2.000
45. Tetrahidro-3,5-dimetil-1,3,5-tiadiazina-2-tiona (dazomet) (véxase a nota 21)	533-74-4	100	200
46. Acrilato de metilo (véxase a nota 20)	96-33-3	500	2.000
47. 3-metilpiridina (véxase a nota 21)	108-99-6	500	2.000
48. 1-bromo-3-cloropropano (véxase a nota 20)	109-70-6	500	2.000

(1) O número CAS móstrase só a título indicativo.

Notas do anexo I:

1. As substancias e mesturas clasifícanse de acordo co Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008.

2. As mesturas trátanse do mesmo modo que as substancias puras sempre que se axusten aos límites de concentración establecidos conforme as súas propiedades segundo o Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, ou a súa última adaptación ao progreso técnico, a menos que se indique especificamente unha composición porcentual ou outra descrición.

3. As cantidades que se indicaron anteriormente como limiar refírense a cada establecemento.

As cantidades que hai que ter en conta para a aplicación dos artigos pertinentes son as máximas que estean presentes, ou poidan estar, nun momento dado. Para o cálculo da cantidade total presente non se terán en conta as substancias perigosas existentes nun establecemento unicamente nunha cantidade igual ou inferior ao 2 % da cantidade indicada como limiar, se a súa situación dentro do establecemento é tal que non pode chegar a provocar un accidente grave en ningún outro lugar do establecemento.

4. As seguintes regras, sobre a suma de substancias perigosas, ou categorías de substancias perigosas, serán de aplicación cando proceda.

No caso de que nun establecemento non estea presente ningunha substancia perigosa en cantidade igual ou superior á cantidade limiar correspondente, aplicarase a seguinte regra para determinar se son aplicables ao dito establecemento os requisitos pertinentes deste real decreto.

Aplicarase este real decreto aos establecementos de nivel superior se a suma:

$q_1/Q_{U1} + q_2/Q_{U2} + q_3/Q_{U3} + q_4/Q_{U4} + q_5/Q_{U5} + \dots$ é igual ou maior que 1, onde:

q_x = a cantidade da substancia perigosa ou categoría de substancias perigosas x recollida na parte 1 ou na parte 2 deste anexo,

e Q_{Ux} = a cantidade limiar pertinente para a substancia perigosa ou categoría x da columna 3 da parte 1 ou da columna 3 da parte 2 deste anexo.

Este real decreto aplicarase aos establecementos de nivel inferior se a suma:

$q_1/Q_{L1} + q_2/Q_{L2} + q_3/Q_{L3} + q_4/Q_{L4} + q_5/Q_{L5} + \dots$ é igual ou maior que 1, onde:

q_x = a cantidade da substancia perigosa ou categoría de substancias perigosas x recollida na parte 1 ou na parte 2 deste anexo,

e Q_{Lx} = a cantidade limiar pertinente para a substancia perigosa ou categoría x da columna 2 da parte 1 ou da columna 2 da parte 2 deste anexo.

Esta regra utilizarase para valorar os perigos para a saúde, perigos físicos e perigos ambientais. Por tanto, deberase aplicar tres veces:

a) Para a suma das substancias perigosas enumeradas na parte 2 que entran nas categorías 1, 2 ou 3 (por inhalación) de toxicidade aguda ou na categoría 1 STOT SE, xunto coas substancias perigosas incluídas na sección H, subseccións H1 a H3, da parte 1.

b) Para a suma das substancias perigosas enumeradas na parte 2 consistentes en explosivos, gases inflamables, aerosois inflamables, gases comburentes, líquidos inflamables, substancias e mesturas perigosas que reaccionan espontaneamente, peróxidos orgánicos, líquidos e sólidos pirofóricos, líquidos e sólidos comburentes, xunto coas substancias incluídas na sección P, subseccións P1 a P8, da parte 1.

c) Para a suma das substancias perigosas enumeradas na parte 2 que entran, como substancias perigosas para o ambiente acuático, nas categorías 1 de toxicidade aguda, 1 de toxicidade crónica ou 2 de toxicidade crónica, xunto coas substancias perigosas incluídas na sección E, subseccións E1 e E2, da parte 1.

Aplicaranse as disposicións pertinentes deste real decreto se algunha das sumas obtidas en a), b) ou c) é igual ou maior que 1.

5. Cando se trate de substancias perigosas que non estean cubertas polo Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, incluídos os residuos, pero que estean presentes, ou poidan estar, nun establecemento, e posúan ou poidan posuír, nas condicións do establecemento, propiedades equivalentes que poidan orixinar accidentes graves, asignaranse provisionalmente á categoría ou substancia perigosa nomeada máis análoga que entre no ámbito de aplicación deste real decreto.

6. Cando se trate de substancias perigosas cuxas propiedades permitan clasificalas de máis dun modo, aplicaranse as cantidades limiar máis baixas para efectos deste real decreto. Non obstante, para a aplicación da regra da nota 4, utilizarase a cantidade limiar máis baixa para cada grupo de categorías da nota 4, letras a) a c), aplicable á clasificación correspondente.

7. As substancias perigosas que entran na categoría 3 de toxicidade aguda por vía oral, (H 301) quedarán incluídas na subsección H2 TOXICIDADE AGUDA cando non se poida inferir a clasificación de toxicidade aguda cutánea nin a clasificación de toxicidade aguda por inhalación; por exemplo, por falta de datos concluíntes sobre a toxicidade cutánea ou por inhalación.

8. A clase de perigo «explosivos» inclúe os artigos explosivos [véxase a sección 2.1 do anexo I do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008]. Se se coñece a cantidade de substancia ou mestura explosiva que contén o artigo, esa cantidade será a considerada para os efectos deste real decreto. Se non se coñece a cantidade de substancia ou mestura explosiva que contén o artigo, tratarase todo o artigo, para os efectos deste real decreto, como explosivo.

9. Só é necesario realizar ensaios das propiedades explosivas das substancias e das mesturas se no procedemento de detección segundo o apéndice 6, parte 3, das recomendacións de Nacións Unidas relativas ao transporte de mercadorías perigosas, probas e criterios («Manual de probas e criterios das Nacións Unidas»)¹ se encontra que a substancia ou a mestura pode ter propiedades explosivas.

¹ Pódese encontrar máis orientación sobre os casos en que non é necesario realizar os ensaios na descrición do método A.14, véxase o Regulamento (CE) n.º 440/2008 da Comisión, do 30 de maio de 2008, polo que se establecen métodos de ensaio de acordo co Regulamento (CE) n.º 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao rexistro, á avaliación, á autorización e á restrición das substancias e preparados químicos (REACH) (DO L 142, do 31.5.2008, p. 1).

10. Se os explosivos da división 1.4 están sen envasar ou reenvasados, serán asignados á subsección P1a, a menos que se demostre que o perigo segue correspondendo á división 1.4, de conformidade co Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008.

11. De acordo co punto 2.6.4.5 do anexo I do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, os líquidos cun punto de inflamación superior a 35 °C poden non clasificarse na categoría 3 se se obtiveron resultados negativos na proba de combustibilidade sostida L.2, parte III, sección 32, do Manual de probas e criterios das Nacións Unidas. Porén, isto non é aplicable en condicións tales como unha temperatura ou presión elevadas e, por conseguinte, eses líquidos inclúense nesta subsección.

12. Nitrato de amonio (5.000 / 10.000): fertilizantes susceptibles de autodescomposición.

Aplicase aos fertilizantes compostos e complexos a base de nitrato de amonio (os fertilizantes compostos e complexos conteñen nitrato de amonio con fosfato e/ou potasa) que sexan susceptibles de autodescomposición segundo o ensaio con cubeta das Nacións

Unidas (véxase o Manual de probas e criterios, parte III, subsección 38.2), cuxo contido de nitróxeno debido ao nitrato de amonio represente:

– Entre o 15,75 %² e o 24,5 %³ en peso, e que ben conteñan un máximo de 0,4 % en total de materiais combustibles ou orgánicos ben cumpran os requisitos do anexo III-2 do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, relativo aos fertilizantes⁴.

² O 15,75 % en peso de contido de nitróxeno debido ao nitrato de amonio corresponde ao 45 % de nitrato de amonio.

³ O 24,5 % en peso de contido de nitróxeno debido ao nitrato de amonio corresponde ao 70 % de nitrato de amonio.

⁴ DO L 304, do 21.11.2003, p. 1.

– O 15,75 % ou menos en peso e con materiais combustibles non suxeitos a restricións.

13. Nitrato de amonio (1.250 / 5.000): calidade para fertilizantes.

Aplícase aos fertilizantes simples a base de nitrato de amonio e aos fertilizantes compostos e complexos a base de nitrato de amonio que cumpran os requisitos do anexo III-2 do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, relativo aos fertilizantes, e cuxo contido de nitróxeno debido ao nitrato de amonio sexa:

– superior ao 24,5 % en peso, salvo as mesturas de fertilizantes simples a base de nitrato de amonio con dolomita, pedra calcaria e/ou carbonato de calcio dunha pureza do 90 % como mínimo,

– superior ao 15,75 % en peso para as mesturas de nitrato de amonio e sulfato de amonio,

– superior ao 28 %⁵ en peso para as mesturas de fertilizantes simples a base de nitrato de amonio con dolomita, pedra calcaria e/ou carbonato de calcio dunha pureza do 90 % como mínimo.

⁵ O 28 % en peso de contido de nitróxeno debido ao nitrato de amonio corresponde ao 80 % de nitrato de amonio.

14. Nitrato de amonio (350 / 2.500): calidade técnica.

Aplícase ao nitrato de amonio e ás mesturas de nitrato de amonio cuxo contido de nitróxeno debido ao nitrato de amonio represente:

– entre o 24,5 % e o 28 % en peso, e que conteñan como máximo un 0,4 % de substancias combustibles,

– máis do 28 % en peso, e que conteñan como máximo un 0,2 % de substancias combustibles.

Aplícase tamén ás solucións acuosas de nitrato de amonio cuxa concentración de nitrato de amonio supere o 80 % en peso.

15. Nitrato de amonio (10 / 50): materiais «fóra de especificación» e fertilizantes que non superen a proba de detonabilidade.

Aplícase:

– ao material de refugallo do proceso de fabricación e ao nitrato de amonio e ás mesturas de nitrato de amonio, fertilizantes simples a base de nitrato de amonio e fertilizantes compostos ou complexos a base de nitrato de amonio a que se refiren as notas 14 e 15, que sexan ou que fosen devoltos polo usuario final a un fabricante, a un lugar de almacenamento temporal ou a unha instalación de transformación para a súa reelaboración, reciclaxe ou tratamento para poder utilizalos en condicións seguras, por teren deixado de cumprir as especificacións das notas 14 e 15,

– aos fertilizantes a que se refire o primeiro guión da nota 13 e da nota 14 deste anexo que non cumpran os requisitos do anexo III-2 do Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, relativo aos fertilizantes.

16. Nitrato de potasio (5.000 / 10.000).

Aplícase aos fertilizantes compostos a base de nitrato de potasio, en forma perlada/granulada, que teñen as mesmas propiedades perigosas que o nitrato de potasio puro.

17. Nitrato de potasio (1.250 / 5.000).

Aplícase aos fertilizantes compostos a base de nitrato de potasio en forma cristalina que teñen as mesmas propiedades perigosas que o nitrato de potasio puro.

18. Biogás enriquecido.

Para efectos da aplicación deste real decreto, o biogás enriquecido poderase clasificar baixo o punto 18 do anexo I, parte 2, se foi tratado de conformidade coas normas aplicables ao biogás purificado e enriquecido, garante unha calidade equivalente á do gas natural, incluído o contido de metano, e contén un máximo dun 1 % de oxíxeno.

19. Policlorodibenzofuranos e policlorodibenzodioxinas.

As cantidades dos policlorodibenzofuranos e das policlorodibenzodioxinas calcúlanse cos factores de ponderación seguintes:

Factores de equivalencia tóxica (FET)-OMS 2005

2,3,7,8-TCDD	1	2,3,7,8-TCDF	0,1
1,2,3,7,8-PeCDD	1	2,3,4,7,8-PeCDF	0,3
		1,2,3,7,8-PeCDF	0,03
1,2,3,4,7,8-HxCDD	0,1		
1,2,3,6,7,8-HxCDD	0,1	1,2,3,4,7,8-HxCDF	0,1
1,2,3,7,8,9-HxCDD	0,1	1,2,3,7,8,9-HxCDF	0,1
		1,2,3,6,7,8-HxCDF	0,1
1,2,3,4,6,7,8-HpCDD	0,01	2,3,4,6,7,8-HxCDF	0,1
OCDD	0,0003	1,2,3,4,6,7,8-HpCDF	0,01
		1,2,3,4,7,8,9-HpCDF	0,01
		OCDF	0,0003

(T = tetra, P = penta, Hx = hexa, Hp = hepta, O = octa)

Referencia – Van den Berg et al.: The 2005 World Health Organization Re-evaluation of Human and Mammalian Toxic Equivalency Factors for Dioxins and Dioxin-like Compounds.

20. Nos casos en que esta substancia perigosa entre dentro da categoría P5a Líquidos inflamables ou P5b Líquidos inflamables, aplicaranse as cantidades limiar máis baixas para efectos deste real decreto.

ANEXO II

Información recollida no artigo 8, número 6, e no artigo 10, número 1 a), relativa ao sistema de xestión da seguridade e á organización do establecemento con miras á prevención de accidentes graves

Para a aplicación do sistema de xestión da seguridade elaborado polo industrial teranse en conta os elementos que figuran a continuación:

a) O sistema de xestión da seguridade será proporcional aos perigos, ás actividades industriais e á complexidade da organización existente no establecemento e basearase nunha avaliación dos riscos. Incluirá a estrutura organizativa xeral, as responsabilidades, as prácticas, os procedementos, os procesos e os recursos que permiten definir e aplicar a política de prevención de accidentes graves.

b) O sistema de xestión de seguridade recollerá os seguintes elementos:

1.º A organización e o persoal: as funcións e responsabilidades do persoal asociado á xestión dos riscos de accidente grave en todos os niveis de organización, xunto coas medidas adoptadas para sensibilizar sobre a necesidade de mellora permanente; a determinación das necesidades de formación do dito persoal e a organización desa formación; a participación dos empregados e do persoal das empresas subcontratadas e traballadores autónomos que traballen no establecemento que sexan importantes desde o punto de vista da seguridade.

2.º A identificación e a avaliación dos riscos de accidentes graves: a adopción e a aplicación sistemática de procedementos para a identificación dos riscos de accidente grave que se poidan producir en caso de funcionamento normal ou anormal, incluídas, cando proceda, as actividades subcontratadas, así como a avaliación da súa probabilidade e a súa gravidade.

3.º O control de explotación: a adopción e a aplicación de procedementos e instrucións para o funcionamento en condicións seguras (incluído o mantemento das instalacións, dos procesos e dos equipamentos), e para a xestión das alarmas e as paradas temporais. Terase en conta a información dispoñible sobre mellores prácticas en materia de seguimento e control con vistas a reducir o risco de fallo dos sistemas; a xestión e o control dos riscos asociados ao envellecemento dos equipamentos da instalación e á corrosión; o inventario dos equipamentos da instalación, a estratexia e metodoloxía en materia de seguimento e control do estado dos equipamentos; as accións de seguimento adecuadas e as contramedidas necesarias.

4.º A adaptación das modificacións: a adopción e aplicación de procedementos para os proxectos das modificacións que se deban efectuar nas instalacións, procesos ou zonas de almacenamento existentes ou para o deseño doutros novos.

5.º A planificación das situacións de emerxencia: a adopción e aplicación de procedementos destinados a identificar as emerxencias previsibles mediante unha análise sistemática, así como a elaborar, probar e revisar os plans de emerxencia e a proporcionar a formación específica do persoal afectado; esta formación afectará todo o persoal que traballe no establecemento, incluído o persoal das empresas subcontratadas e traballadores autónomos.

6.º O seguimento dos obxectivos fixados: a adopción e aplicación de procedementos encamiñados á avaliación permanente do cumprimento dos obxectivos fixados polo industrial no marco da súa política de prevención de accidentes graves e do seu sistema de xestión da seguridade, e a implantación de mecanismos de investigación e de corrección en caso de incumprimento; os procedementos abranguerán o sistema do industrial para a notificación de accidentes graves ou conatos de accidente, en especial cando se producisen fallos das medidas de protección, e a investigación seguimento con base nas leccións aprendidas; os procedementos poderán incluír tamén indicadores de funcionamento, tales como os indicadores do funcionamento en materia de seguridade ou outros indicadores pertinentes.

7.º A auditoría e revisión: a adopción e aplicación de procedementos para a avaliación periódica sistemática da política de prevención de accidentes graves e da eficacia e idoneidade do sistema de xestión da seguridade; a revisión documentada do funcionamento da política aplicada, do sistema de xestión da seguridade e da súa actualización, incluída a consideración e a incorporación dos cambios sinalados como necesarios no exercicio de auditoría e revisión.

ANEXO III

Información que se deberá facilitar á poboación en aplicación do artigo 15, número 1 e número 2, letra a)*Parte 1*

Para todos os establecementos a que se aplique este real decreto:

- a) Nome ou razón social do industrial e enderezo completo do establecemento correspondente.
- b) Confirmación de que o establecemento está suxeito ás disposicións regulamentarias ou administrativas de aplicación deste real decreto e de que se entregou á autoridade competente a notificación recollida no artigo 7, número 1, ou o informe de seguridade mencionado no artigo 10, número 1.
- c) Explicación en termos sinxelos da actividade ou actividades levadas a cabo no establecemento.
- d) Os nomes comúns ou, no caso das substancias perigosas incluídas na parte 1 do anexo I, os nomes xenéricos ou a clasificación de perigosidade das substancias perigosas pertinentes existentes no establecemento que poidan dar lugar a un accidente grave, indicando as súas principais características perigosas, en termos sinxelos.
- e) Información xeral sobre o modo en que se avisará o público interesado, en caso necesario; información adecuada sobre o comportamento apropiado en caso de accidente grave ou indicación de onde se pode acceder a esta información en forma electrónica.
- f) A data da última visita *in situ* de conformidade co artigo 21, número 4, ou indicación de onde se pode acceder a esta información en forma electrónica; información sobre onde se poden obter, logo de solicitude, máis datos acerca da inspección e do plan de inspección correspondente, sen prexuízo dos requisitos establecidos no artigo 23.
- g) Información detallada sobre o modo de conseguir maior información ao respecto, sen prexuízo dos requisitos establecidos no artigo 23.

Parte 2

Para os establecementos de nivel superior, ademais da información mencionada na parte:

- a) Información xeral sobre a natureza dos perigos de accidente grave, incluídos os seus efectos potenciais para a saúde humana e o ambiente, e resumo dos principais tipos de escenarios de accidente grave e das medidas de control adoptadas en previsión deles.
- b) Confirmación de que o industrial está obrigado a tomar as medidas adecuadas no lugar, incluído o contacto cos servizos de emerxencia, co fin de actuar en caso de accidente grave e reducir ao mínimo os seus efectos.
- c) Información adecuada do plan de emerxencia exterior elaborado para facer fronte aos efectos que un accidente poida ter fóra do lugar onde ocorra. Deberanse incluír chamamentos á cooperación, con instrucións ou consignas formuladas polos servizos de emerxencia no momento do accidente.
- d) Cando proceda, indicación de se o establecemento está preto do territorio doutro Estado membro e existe a posibilidade de que un accidente grave teña efectos transfronteirizos de conformidade co Convenio sobre os efectos transfronteirizos dos accidentes industriais, da Comisión Económica para Europa das Nacións Unidas (CEPE).

ANEXO IV

Criterios para a notificación dun accidente grave á Comisión Europea de acordo co establecido no artigo 19, número 1

1. A Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Fomento en materia de contaminación marítima, deberá notificar á Comisión Europea todo accidente grave que se axuste á descrición do punto 1 ou no cal se dea, ao menos, unha das consecuencias descritas nos puntos 2, 3, 4 e 5.

a) Substancias perigosas que interveñen:

Calquera incendio ou explosión ou liberación accidental dunha substancia perigosa en que interveña unha cantidade non inferior ao 5 % da cantidade recollida como limiar na columna 3 da parte 1 ou na columna 3 da parte 2 do anexo I.

b) Prexuízos ás persoas ou aos bens:

1.º Unha morte.

2.º Seis persoas feridas dentro do establecemento que requiran hospitalización durante 24 horas ou máis.

3.º Unha persoa situada fóra do establecemento que requira hospitalización durante 24 horas ou máis.

4.º Vivenda(s) situada(s) fóra do establecemento danada(s) e inutilizable(s) a causa do accidente.

5.º Evacuación ou confinamento de persoas durante máis de 2 horas (persoas × horas): o produto é igual ou superior a 500.

6.º Interrupción dos servizos de auga potable, electricidade, gas ou teléfono durante máis de 2 horas (persoas × horas): o produto é igual ou superior a 1.000.

c) Danos directos ao ambiente:

1.º Danos permanentes ou a longo prazo causados a hábitats terrestres:

i) 0,5 ha ou máis dun hábitat importante desde o punto de vista do ambiente ou da conservación e protexido pola lei,

ii) 10 ha ou máis dun hábitat máis estendido, incluídas terras de labor.

2.º Danos significativos ou a longo prazo causados a hábitats de auga doce ou mariños:

i) 10 km ou máis dun río ou canle,

ii) 1 ha ou máis dun lago ou estanque,

iii) 2 ha ou máis dun delta,

iv) 2 ha ou máis dunha zona costeira ou marítima.

3.º Danos significativos causados a un acuífero ou a augas subterráneas: 1 ha ou máis.

d) Danos materiais:

1.º Danos materiais no establecemento: a partir de 2.000.000 EUR.

2.º Danos materiais fóra do establecemento: a partir de 500.000 EUR.

e) Danos transfronteirizos.

Calquera accidente grave en que interveña directamente unha substancia perigosa e que dea orixe a efectos fóra do territorio do Estado membro de que se trate.

2. A Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio do Interior, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Fomento en materia de contaminación marítima, notificará á Comisión Europea os accidentes e os conatos de accidente que, aínda non axustándose aos criterios cuantitativos citados anteriormente, presenten ao seu xuízo un interese especial desde o punto de vista técnico para a prevención de accidentes graves e para a limitación das súas consecuencias.